

cultura

O Auditorio Gustavo Freire acolleu 110 actividades no primeiro semestre. **Pax. 2**

sociedade

Regresa a primeiros do mes de novembro o Concurso de Tapas. **Pax. 10**

economía

Impulsan a contratación do alumnado dos obradoiros con axudas. **Pax. 14**

medio rural

Lugo en Pé reclama á Xunta colaboración para facer o saneamento. **Pax.16**

deportes

Comeza a Copa Deputación de fútbol sala coa participación de 39 equipos. **Pax. 30**

Ultiman varias obras de transcendencia en Lugo



garañón. As torres xa foron derrubadas e estase a acondicionar a parcela.

a ponte. A peonalización da Calzada e os pasos inferiores estase rematando.

saúde. O centro Integral de Saúde da antiga residencia abrirá o PAC en setembro.

O Concello debulla o plan para San Froilán

A científica Sonia Villapol será a pregoeira e a actriz Melania Cruz a oferente. **Pax. 4**

Adif clausura o paso a nivel de Recimil

O Concello firmou cos veciños un convenio para a cesión dos terreos nos que se fará a obra. **Pax. 19**

A Deputación asesorou a 1.230 empresas

Atendéronse máis de 1.600 consultas con 7 axentes dixitais do plan Acelera PEMES. **Pax. 28**

Caudal Fest



Co programa completo, bate o récord de abonos vendidos. **Pax. 3**

Vaia Vaia



O 23 e 24 de setembro terá lugar a cuarta edición do festival de fanzines. **Pax. 3**

Semana de Cine



Estará dedicada aos irmáns Coira e será do 18 ao 23 deste mes. **Pax.7**

Salvatierra

ABOGADOS

CONCIERTE CITA Y CONSÚLTENOS SIN COMPROMISO

Tel.: 982 227 783 • San Roque, 14-20. Entlo. izda. - LUGO

TAMBIÉN ON-LINE

salvatierraabogados@salvatierra-abogados.es

Despacho en: FOZ • VIVEIRO • LUGO

Reclama de forma gratuita los gastos de tu hipoteca
¡100% GRATUITO, SIN COSTES!

¿Quién puede reclamarlos?

Todo aquel que tenga o haya tenido un préstamo hipotecario. Tanto si su hipoteca está activa, como si ya ha vendido su casa o si ha realizado renovaciones sobre el préstamo inicial.

¿Qué se necesita?

Tan solo se necesita aportar los siguientes documentos de gastos:

1. Factura de la NOTARÍA correspondiente a la Escritura de Préstamo Hipotecario.
2. Gastos de TASACIÓN de la vivienda.
3. Factura del REGISTRO DE LA PROPIEDAD por la inscripción de la Hipoteca.
4. Gastos de GESTORÍA, siempre que se haya impuesto por parte del banco.

Cántigas e Flores celebra 75 anos na Feira do 48



Cántigas e Flores organiza, co apoio das áreas de Cultura da Deputación e do Concello de Lugo, unha nova edición da Feira do 48, que se celebrará os días 9 e 10 de setembro na Praza Maior de Lugo.

Coa premisa de revivir o ambiente das feiras de antano, Cántigas e Flores programa dúas xornadas de actividade ao redor da música e do baile tradicional con actuacións e ruadas das súas propias formacións e doutros grupos de referencia como Os Carunchos ou Cántigas e Agarimos

A concelleira de Cultura, Maite Ferreiro animou “a todas lucenses e visitantes a desfrutar da Feira do 48, que se celebra nun lugar emblemático da cidade como é o quiosco da música” e lembrou “o éxito de pasadas edicións para anticipar unha gran participación”.

A Feira do 48 toma como referencia cronolóxica o 1948, ano da fundación de Cántigas e Flores, que desde aquela ven traballando na promoción da música e do baile tradicional desde distintos eidos, incluída a ensinanza.

O Concello reparte 64.400 euros para a promoción de actividades

A Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, aprobou as subvencións destinadas a asociacións culturais que desenvolven a súa actividade na cidade de Lugo. Trátase de 9 subvencións nominativas.

O Goberno de Lugo inviste 64.400€ nestas actividades, entre as que figuran a Semana de Cine de Lugo, o Correlingua, o Festival de Jazz ou a gala Mestras e Mestres da Memoria. A Fundación Manuel María de Estudos Galegos recibe unha axuda de 4.000,00 euros para a conservación e difusión do legado de Manuel

María mentres que a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, por importe de 6.000,00 euros, para a celebración da Gala dos mestres e mestras da memoria 2023.

O Grupo Fotocinematográfico Fomniñá recibe 20.400,00 para a celebración da XLV semana do Cine e a Asociación Cultural Correlingua 3.000,00 para o Correlingua 2023. Asociación de Amigos do Jazz EscobiJazz terá 25.000,00 euros para a celebración do XXXIII Semana de Jazz de Lugo e a Xunta de Confrarías, 6.000,00 para a da Semana Santa.

O Auditorio lugués acolleu 110 actividades no primeiro semestre

Maite Ferreiro, fixo balance das distintas actividades que acolleu o Auditorio Municipal Gustavo Freire. Ferreiro explicou que “en total, o auditorio estivo ocupado 110 días nos primeiros 6 meses do ano”, unha cifra “moi positiva que demostra que o Auditorio Municipal é un dos principais espazos culturais da cidade, tanto para os eventos organizados polo concello como para os promotores privados”.

En total, o Concello de Lugo programou 78 xornadas con actividades no Auditorio, incluíndo ciclos como a programación teatral do primeiro semestre, a programación de Lugo en Danza, a Mostra de Teatro Clásico, o festival de teatro grecolatino ou a de teatro universitario, dando espazo a espectáculos gañadores dos principais premios de artes escénicas

do estado, con dous premios MAX, outorgados pola SGAE aos mellores espectáculos de artes escénicas, e 5 premios Fetén, outorgados durante a Feira Europea das Artes Escénicas para Nenas e Nenos que se entregan cada ano en Xixón. Ademais, a programación conta con espectáculos recoñecidos con diversos premios, como o Luísa Villalta da Deputación da Coruña, o premio BBVA de Teatro, ou o premio Territorio Violeta, ata completar os 10 galardóns que recibiron os distintos espectáculos que conforman o semestre.

“Quixemos poñer o foco nas producións de artes escénicas de mellor calidade feitas na Galiza, que serán o fío condutor da programación”, explicou Maite Ferreiro, que engadiu “esta programación está pensada para o deleite das amantes do teatro

e para facilitar un achegamento a esta arte por primeira vez, traendo a Lugo o mellor do teatro galego xunto cunha coidada selección de propostas premiadas en festivais”.

O ciclo Lugo en Danza forma parte do circuito de programación Circula, ao obter o apoio da Plataforma das Artes do Movemento de Galiza. Este circuito naceu co obxectivo de facilitar a mobilidade das e dos profesionais da danza, e está impulsado por asociacións profesionais de danza de Catalunya, Cantabria, Madrid, Comunidade Valenciana, Andalucía e do País Vasco.

No tocante aos promotores privados, Ferreiro explicou que o Auditorio foi utilizado en 32 xornadas para distintos espectáculos, con danza, humor, teatro, concertos ou actividades infantís.

O Urban Tour 2.0 xa ten completo o cartel

O Urban Tour 2.0, un encontro xuvenil relacionado coa música urbana promovido pola área de Xuventude do Concello, completou o cartel de participantes para a batalla de galos que terá lugar o sábado 9 de setembro. En total, serán 32 artistas os que competirán por diversos premios, incluída a creación dun videoclip.

Deste xeito, celebraranse catro obradoiros de rap e improvisación, con 15 participantes por grupo, impartidos polo artista local LE33, de 16:00 a 20:30 horas, na Casa da Música de Lugo. O rapeiro lucense tamén participará como speaker na batalla de galos do día anterior, na que actuará como DJ Affair e como xurados: Yosua, Puma e Guanyar.



As inscricións para participar nos obradoiros, así como as entradas gratuítas para asistir de público a batalla de galos, xa se atopan dispoñibles a través da súa páxina web. As actividades serán de balde para todos/as os/as asistentes.

O PP mantén que os paneis dos museos non funcionan

O Partido Popular volve denunciar que “os paneis táctiles da rede de museos municipais seguen sen funcionar” e que “a maioría das máquinas están avariadas e locen o cartel de fóra de servizo”. “Esta situación xa se denunciou en numerosas ocasións, pero ao goberno local segue sen importarlle” declaran e lamentan “a falta de traballo e interese por arranxar estes elementos interactivos que provoca que os turistas marchen da cidade sen poder acceder a todos os contidos”.

Lamentan “as constantes escusas” xa que nun primeiro momento se asegurou que “as pantallas non funcionaban xa que estaban desconectadas por cuestións sanitarias derivadas da covid e agora vemos que ou están avariadas ou obsoletas”

●	UNIVERSIDAD Grado en:			ABAU (Antigua selectividad) BAC - E.S.O. ACCESO CICLOS	j.m.rivas ACADEMIA
	ROBÓTICA	ENX. AGRÍCOLA	ENXEÑARÍA CIVIL		
	Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II		
	BIOQUÍMICA	ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND.	PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA		
	Matemáticas Física Química general e inorgánica Química - Física I Bioestadística	Matemáticas I y II Física I y II Métodos Estadísticos		Matemáticas - Física Química - Lengua Gallego - Inglés Historia - Filosofía Biología - Geología Geografía Historia del Arte	
C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22			jmrivas.es		

ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS
ATENCIÓN PERSONALIZADA
GRUPOS REDUCIDOS
Preparación específica para subir nota en ABAU

O Caudal Fest, co cartel completo, bate o récord de abonos vendidos

O 2023 marcará un novo fito de público na historia do Caudal Fest, a cita musical posta en marcha pola rexedora, Lara Méndez, no 2018 para situar a Lugo no mapa dos festivais nacionais e internacionais. “Será a edición máis multitudinaria ata a data, pois xa se acadou unha cifra récord de venda de abonos, agardando a máis de 33.000 asistentes durante os dous días de concertos”, explicou a alcaldesa este luns.

Lara Méndez, acompañada do director do festival, Iván Méndez, e de Esteban Girón, director de comunicación, deu conta dos últimos avances na organización deste evento, #AÚltimaGranFestaDoVerán, que terá lugar na contorna fluvial do río Miño a fin de semana do 15 e 16 de setembro. A rexedora informou que “xa se está a traballar, dende a semana pasada, na instalación do recinto, que será o máis grande ata a data, coa montaxe do escenario principal, e os labores avanzan a bo ritmo”.

Unha das novidades desta edición será o regreso da zona de descanso, que xa estivo operativa en 2018 e 2019 e que contará con máis de 1.000 prazas dispoñibles nunha contorna natural inmejorable. “Actualmente xa está cuberta ao 70% da súa capacidade”, detallou a alcaldesa, quen engadiu que “esta zona contará con vixilancia, recepción e punto de información 24 horas; seguridade privada; servizos e duchas de auga quente”.

Méndez destacou o impacto económico do Caudal no municipio e nas súas inmediacións pois “os establecementos hoteleiros lucenses levan semanas completos, repercutindo moi positivamente tamén en localidades próximas”. Neste senso, lembrou que ano pasado xa congregou



a uns 30.000 asistentes, acadando un impacto económico de 4,5 millóns de euros e xerando ao redor de 300 postos de traballo directos e preto de 1.800 indirectos.

Así mesmo, destacou que “un 40% dos asistentes chegaron de fóra de Lugo –un 30% do resto de Galicia e un 10% do resto de España– o que implica que o Caudal Fest, a día de hoxe, é unha alternativa máis para vir á nosa cidade, dando resposta a unha demanda músico-cultural que os lucenses viñan manifestando desde hai tempo”

CHICO DA TINA. Por outra banda, Iván Méndez anunciou a última incorporación que pechará o cartel. Trátase do artista portugués Chico da Tina (diminutivo de Francisco da Concertina), quen se sumará a esta edición do Caudal Fest, no marco da Capital da Cultura do Eixo Atlántico. “O artista, natural de Viana do Castelo, combina o trap urbano co dialecto da cidade na que naceu”, explicou o director do festival.

Con números impresionantes en Youtube, o músico xa ten un EP editado con 5 temas cheos de letras críticas e caricaturescas que, xunto coa súa imaxe, crean unha combinación inédita entre trap,

concertina e xerxa rexional, unindo tradición e modernidade. Trátase dun éxito de internet que en apenas uns meses alcanzou máis dun millón de visualizacións do seu primeiro tema Põe-te fino.

O Caudal Fest 2023 contará cun total de 20 bandas e artistas entre os que destacan grupos de ámbito nacional e internacional como Vetusta Morla, Leiva, Dani Fernández, Miss Caffèina, La La Love You, Natalia Lacunza, Belén Aguilera ou Sidonie.

“Queremos que o Caudal, ademais dun evento que ofrezca música de calidade e un revulsivo económico para a cidade os días da súa celebración, sexa unha plataforma de visibilidade para os músicos lucenses, por iso, tamén actuarán dúas formacións locais: Berta Franklin e Galician Army”, lembrou a rexedora. Finalmente, Esteban Girón subliñou que “haberá dous escenarios e música ‘non stop’ dende as cinco da tarde ata as tres da madrugada”. “Queremos ofrecer unha experiencia única aos asistentes e, por iso, ademais da ampla variedade de concertos, tamén contaremos con unha oferta gastronómica para todos os gustos e adaptada, con opcións veganas, para celíacos, etc”, concluíu.

Regresa o encontro Vaia Vaia a finais deste mes

O 23 e 24 de setembro terá lugar a cuarta edición de Vaia Vaia, co mercadillo de fanzines e derivados que será o punto de encontro principal ao redor do cal se organizará o resto do programa de actividades.

As persoas interesadas en participar no mercadillo só teñen que encher e enviar o formulario antes das 23:59 do día 5 de setembro.

O Encontro de Fanzines e Autoedición Vaia Vaia é unha nova proposta cultural enmarcada na programación do último trimestre do ano. Está concebida como unha mostra cultural que propón explorar e descubrir o traballo artístico de particulares e asociacións de xeito participativo, colorista, amable e culturalmente aberto e activo. Durante dous días Lugo acollerá unha feira do fanzine e da autoedición, unha reunión pública e aberta



a todas as persoas interesadas nas publicacións independentes e autostestionadas.

O punto de encontro principal de Vaia Vaia será o mercadillo de fanzines que se ubicará na rúa Soto Freire, e que contará con 20 artistas. Ao mesmo tempo, organizáranse distintas actividades para abarcar contidos. Tamén se contará con distintas actuacións musicais.

O Concello, novo membro da Rede Innpulso como referente na ciencia e na innovación

O Pleno municipal aprobou a incorporación do Concello de Lugo á Asociación Rede Innpulso (ARINN), un foro de encontro de todos aqueles municipios distinguidos co galardón Ciudad da Ciencia e a Innovación, que outorga anualmente o Ministerio de Ciencia e Innovación, coa finalidade de avanzar na definición e aplicación de políticas locais innovadoras.

Así, o obxectivo da ARINN é recoñecer e impulsar as actuacións que en materia de ciencia e innovación realizan as administracións locais, propiciar a colaboración entre os conce-

llos pertencentes á Rede, mellorar o seu potencial innovador e servir de modelo a outros municipios para contribuir ao cambio do modelo produtivo cara a un modelo económico e social sostible, baseado no coñecemento e a innovación.

Neste senso, Lara Méndez subliñou que “para nós é un orgullo formar parte desta rede, a través da que achegar, na medida do posible, as nosas boas prácticas, pero, sobre todo, para seguir aprendendo e desenvolvendo accións no noso territorio encamiñadas a mellorar a calidade de vida da veciñanza”.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito



clínica **TEST** dental

Humanidades acollerá un congreso sobre feminismos

O Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX) da USC organiza o Congreso internacional *As culturas dos coidados e os feminismos*, un encontro que se desenvolverá os días 28 e 29 de setembro na Facultade de Humanidades do Campus de Lugo.

A sesión inaugural arrincará ás 10 horas do xoves 28 e dará paso a dúas xornadas de relatorios que afondarán en economía dos coidados, xénero, saúde mental, políticas públicas, sexualidade, co-housing, traballo doméstico, maternidades en cuestión, ou pedagogía feminista ecoanimal, entre outros temas, da man de persoal docente e investigador da USC e das universidades de Granada, Sevilla e Extremadura.



Esta actividade, cuxa inscrición pode realizarse ata o día 28 de setembro a través dun formulario en liña, organízase ao abeiro do convenio de colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade para o desenvolvemento de actividades do Plan Corresponsables en Galicia, financiado con fondos do Ministerio de Igualdade.

Retoman os obradoiros no Mercado Municipal

Comeza a nova edición dos obradoiros infantís que terán lugar as mañás dos sábados nas instalacións do Mercado Municipal. Cristina López explicou que “durante o primeiro semestre do ano esta foi unha das actividades con máis aceptación por parte da veciñanza, acollendo en total a 839 nenas e nenos”.

O Goberno de Lugo retoma a celebración destes obradoiros “co obxectivo de promover unhas instalacións históricas e referentes do comercio de proximidade como son a Praza de Abastos e o Mercado Municipal, ao mesmo tempo que facilitamos a conciliación familiar”.

As actividades están destinadas a

nenas e nenos entre 4 e 12 anos, e tratarán temas como a reciclaxe, a creatividade ou a cociña, tratando temas como o coidado do medio ambiente ou a creatividade.

“Continuamos a traballar para dinamizar a Praza e o Mercado con este tipo de actividades, que permiten que as nenas e nenos pasen unha mañá realizando actividades lúdicas e formativas”, afirmou Cristina López, que engadiu “convidamos á veciñanza de Lugo a realizar as súas compras na Praza e no Mercado, desfrutando da atención personalizada das e dos distintos comerciantes da instalación e da calidade dos produtos dos distintos postos, referentes do comercio de proximidade”.

Sonia Villapol, pregoeira de San Froilán, e Melania Cruz, oferente

A comisión de festas aprobou por unanimidade que a investigadora Sonia Villapol sexa a pregoeira desta edición das festas, mentres que a actriz Melania Cruz será a oferente a Rosalía.

A Comisión de Festas, composta por 2 representantes do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal do PSOE e 4 do PP aprobou por unanimidade a revisión dos prezos das casetas do polbo, que levaban conxelados desde o ano 2018.

Maite Ferreiro explicou que “atendemos á solicitude das e dos hostaleiros mantendo uns prezos asequibles nas casetas do polbo, un símbolo das festas do San Froilán”. Os 3 grupos da corporación acordaron que a ración de polbo (250g) pase de 12 a 14€, mentres que a de cachelos subirá de 1,50 a 2€. A ración de pan manterase a 1,50€, e a botella de viño, a 6€.

Continúa en proceso de contratación a produción e o equipamento dos distintos escenarios e espazos das festas, cun orzamento base de 234.679,50€ para os escenarios da praza Horta do Seminario, praza de Santa María, Seminario Menor e praza da Mosqueira, xunto coas carpas precisas para os distintos espazos.

Sonia Villapol é investigadora e profesora no Center for Neuroregeneration no Houston Methodist Hospital Research. Formouse na Universidade de Santiago de Compostela e na Universitat Autònoma de Barcelona. Foi investigadora do CNRS e do INSERM en París e no NIH e na universidade de Georgetown. Investiga os danos cerebrais e as enfermidades neurodexenerativas, e conta con máis de 70 artigos publicados.

A actriz Melania Cruz conta cunha importante traxectoria en cinema,



televisión e teatro. Comezou a súa carreira no teatro afeccionado, antes de obter o título en ensinanza superior pola Escola Superior de Arte Dramática de Galiza, e adicase profesionalmente á interpretación desde o ano 2009, formando parte de diversas compañías teatrais ata que se adentrou no cinema e na televisión. Conta con numerosos premios.

MÚSICA. Tamén confirmaron as tres primeiras actividades do programa. Trátase do Electronic Lucus Fest, que este ano celebra a súa cuarta edición, o XVIII Sanfroidance, e o Espazo Hip Hop, tres eventos que, segundo a concelleira de Cultura, “contan cunha gran aceptación entre a veciñanza, e que un ano máis volven ter un espazo destacado no programa do San Froilán”.

Os tres eventos terán lugar na praza da Mosqueira.

A noite do 4 de outubro, a partir das 21:30, o cuarto Electronic Lucus Fest encherá a Mosqueira coa actuación de diversos DJ, entre os que se atopan os lucenses Frisco e Marcos Peón, que comparten cartel con Yaser, Hugo Leivas e Juan Chousa.

O Sanfroidance celebrará a súa 18ª edición na noite do 6 de outubro. A partir das 19 horas. O festival de música electrónica contará este ano

coas actuacións de High Paw (Galiza), Juli Giuliani (Cataluña), Tor4 vs Fishman (Brasil – Galiza) e Víctor Santana (Madrid)

A partir das 17:00 do 11, a Mosqueira acollerá o Espazo Hip Hop, un evento que busca difundir o talento lucense e galego apostando polos distintos artistas locais. Ao longo da xornada, contarase coas actuacións de Denom, Samuel Slzr, Eivy J e Zaidbreak, que compartirán escenarios cos artistas locais Diego, Xosé Maceda e Ünder. Ademais, volverá ter lugar a batalla de galos.

O Sanfroidance contará tamén con caricaturas, mostras de baile a cargo da escola lucense Star Dance e mostras de graffiti a cargo dos lucenses Trecetrazos.

PRIMEIROS ARTISTAS. Maite Ferreiro, concelleira de Cultura, confirmou os dous primeiros concertos para esta edición do San Froilán. O son cubano de Elíades Ochoa e o rock de Ciudad Jara son as dúas primeiras confirmacións do San Froilán 2023. O xoves 5 de outubro ás 22:00 na praza Horta do Seminario, terá lugar a actuación de Elíades Ochoa co seu disco *Buena Vista Social Club*.

Outro dos concertos é o de Ciudad Jara, que será o sábado 7 de outubro ás 22:00 na Horta do Seminario.

MARMOLES VILARIO

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS *
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com



A Rede Museística presenta a programación para o novo curso

Coincidindo coa data de inicio do curso escolar 2023-2024, a Rede Museística Provincial pon a disposición dos centros escolares a súa programación para o curso escolar 2023-2024, con multitude de propostas tanto presenciais como virtuais no Museo Provincial de Lugo, no Museo do Mar de San Cibrao, no Pazo de Tor e no Museo Fortaleza San Paio de Narla.

O obxectivo da programación é achegar, un curso máis, o patrimonio conservado nos museos ao alumnado a través dun conxunto de actividades artelladas ao redor do lema "Un país no mapa", que ten como referencia o mapa de Fontán (o Pazo de Tor conserva unha das copias orixinais) e que pretende vincular o patrimonio dos museos ao territorio e á comunidade.

A deputada de Cultura Iria Castro subliñou "o importante traballo que realiza a Rede Museística ano tras

ano para crear vínculos coa comunidade educativa e ofrecer propostas e materiais adaptados á aprendizaxe dos máis pequenos e pequenas, que contribúen tamén a sensibilizar na conservación do patrimonio e da memoria".

A xerente da Rede Museística Encarna Lago explicou que "coincidindo co inicio do curso, reforzamos a comunicación cos centros escolares para ofrecer esta programación e facilitar o traballo do profesorado na planificación do curso".

A programación contempla actividades comúns aos catro museos, como visitas de iniciación guiadas por persoal de didáctica, talleres para aprofundar no formato artístico do retrato e o autorretrato e propostas sobre diversidade e igualdade de xénero, centrados na obra de mulleres artistas presentes nos museos. Ademais, cada museo ofrece actividades adaptadas aos seus fondos, espazo e

entorno. A Rede Museística tamén ofrece a profesorado, alumnado e familias recursos educativos en liña a través da plataforma www.comunidadermpl.es e mantén a fórmula da "maleta viaxeira", coa que se levan as actividades aos propios centros.

OUTRAS EXPOSICIÓS. O Vello Cárcere acolle a exposición *Epítome*, unha compilación fotográfica que homenaxea ao mundo da cultura nun punto temporal determinado como é o cambio de milenio. O seu creador, Xosé Manuel Otero, expón imaxes fixas dalgunhas das mulleres e homes que nos albores do novo milenio traballan arreo para o florecemento da cultura galega e que poden verse ata o 15 de setembro. A Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos acolle desde este martes a mostra *Re coñecer*, que incorpora obras das artistas lucenses Concetta Montenegro e Luisa Paz.



Dous cadros de Julia Minguillón

O legado de Julia Minguillón no Museo Provincial vense de ampliar con dúas obras máis, doadas polos fillos dos retratados. Un retrato de Rosa Piño Pérez que xa fóra presentado en Lugo en 1951 e que xa aparecía na tese doutoral de María Victoria Carballo Calero que fora publicada pola Fundación Barrié de la Maza e o retrato do seu marido, o militar montefortino, Modesto Pérez Prieto.

As dúas obras de grandes dimensións e dunha exquisita calidade técnica forman parte xa do patrimonio da Rede Museística Provincial e

no Museo Provincial de Lugo pode-rase gozar delas a partir de agora. A xerente da RMPL, Encarna Lago, destaca a importancia que ten para a Rede completar a colección desta artista tan importante na historia da arte feminina.

Así a figura de Julia Minguillón servirá para revisar a nosa arte e a arte de ser muller. As súas obras e traxectoria serán base para educar en igualdade e seguir tecendo redes coas distintas comunidades, promover a convivencia e revalorizar os conceptos de familia.

Primo Banský representa a García Lorca na súa obra do Vello Cárcere

Maite Ferreiro, desprazouse ata un dos muros exteriores do Vello Cárcere para coñecer a nova obra de Primo de Banský. Nela, o artista galego homenaxea ao poeta García Lorca con motivo do 87 aniversario da súa morte por fusilamento. Ferreiro anunciou que se instalará sobre o muro do Vello Cárcere, espazo xestionado pola área de Cultura, a protección necesaria para a súa conservación, aínda que houbo que proceder a restaurala tralos primeiros días debido a un acto vandálico.

O obra representa a un García Lorca mozo que viste a camisa de La Barraca, o grupo de teatro do que formaba parte, agarrando a outro García Lorca xa morto despois de ser fusilado. Ferreiro lembrou que a "Área de Cultura xa homenaxea ao grupo teatral co ciclo *Versos na barraca*



que se celebra cada verán na Praza da Mosqueira, achegando a Lugo ás principais voces da poesía galega", e destacou a calidade da obra de grafito lucense baseada precisamente na reivindicación, o activismo e a busca de plasmar a realidade.

A edil de cultura destacou a impor-

tancia da arte urbana para "dar o seu espazo ás propostas de arte emerxentes, achegando unha canle de difusión ás novas propostas artísticas, así como novas ofertas de lecer á veciñanza, tal e como levamos facendo dende hai anos co Culturbar", explicou.

O curso empeza en Galicia o día 11 con 225.013 alumnos

O curso escolar 2023/24 arrancará en Galicia o vindeiro 11 de setembro cun total de 11.924 aulas para 225.013 alumnos das etapas de Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato no sistema educativo público. Isto supón un reforzo do número de unidades para o próximo ano académico en comparación co curso anterior (no que estiveron en funcionamento 11.916 aulas para as ditas etapas) malia rexistrarse case 2.000 matrículas menos (o curso 2022/23 foron 226.811 alumnos). Por etapas, o número de estudantes descende en Educación Infantil e Primaria, en concreto en 2.643 alumnos menos, e, en menor medida, en Bacharelato, con 115 alumnos menos. Pola contra, a ESO experimenta unha lixeira suba de 960 persoas, en base ás previsións dispoñibles pola Administración

na actualidade ata que se peche o proceso.

Para a escolarización no próximo curso, a Consellería recibiu arredor de 15.000 solicitudes de praza para nenos e nenas que entran por primeira vez nos colexios da Comunidade (concretamente o alumnado de tres anos que entra en 4º de Educación Infantil), para quen se oferta algo máis de 26.000 prazas dispoñibles no sistema.

Isto supón que preto do 58% das prazas de novo ingreso ofertadas quedan libres. É dicir, que o 99,2% do alumnado que solicitou praza en 4º de Infantil nos centros das catro provincias para este curso obtivo no colexio escollido como primeira opción, polo que practicamente a totalidade das familias escolarizan os seus fillos na escola que demandan.

¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

outlet
sótano

GARANTÍA DE CONFIANZA
COMERCIO LOCAL

azulejos, porcelánicos
& muebles de baño

"CON POCO HACES MUCHO"



APROVECHA LA OPORTUNIDAD
SOLO HASTA FIN DE EXISTENCIAS

+ 3.000 m² AZULEJOS
PORCELÁNICOS 6€ + IVA

SÓTANO OUTLET 681 19 36 05 - 982 30 46 00 CONTURIZ - LUGO www.sotano.es

EN BREVE

SABINA. A Penúltima Sabinera chega ao Club Fluvial de Lugo este setembro para o seu tributo a Joaquín Sabina. O concerto será o sábado 9 ás 21.00 horas. O prezo das entradas será de 15 euros cun precio de 5 euros para os socios.

MECANO. A compañía Aidalai recalará en Lugo, como unha das paradas da súa xira, o 9 de setembro ás 20.00 horas para presentar o seu Tributo a Mecano no auditorio Gustavo Freire. Trátase dun show completo cun uso moi detallado de luces e música para homenaxear a “un dos mellores grupos do pop español da historia”.

FESTIBLAS. Chega a próxima edición do festival de música Festiblás no club Clavicembalo, que serán os días 27 e 28 de outubro a partir das 22.30 horas. Os artistas que xa confirmaron a súa presenza son Moses Rubin, Pepsi and The Clist e Espiricom. A entrada diaria terá un prezo de 12 euros e haberá abonos de 20 para os que queiran asistir os dous días.

XADREZ. En vista do éxito obtido nos anteriores programas, a Concellería de Educación e Xaquedrum, Vicepresidencia da Deputación e Deporte Galego levan a cabo o programa Xadrez na Rúa á praza do Castiñeiro. A actividade terá lugar ata o 29 de setembro e de luns a venres entre as 18.00 e as 20.00 horas.

BALLET. O Ballet de Kiev presentará *El Lago de los Cisnes* no Auditorio Municipal Gustavo Freire o 13 de decembro. A trama xira ao redor dunha princesa, Odette, convertida en cisne polo feitizo dun malvado meigo. Para liberala, o príncipe debe prometerlle amor eterno, pero o meigo intenta enganalo coa súa filla Odile, o cisne negro. É unha actuación benéfica onde doaranse 1, 5 euros por cada entrada vendida para apoiar o seu traballo na emerxencia de Ucraína.

Paisaxe, da USC, xa deixa pegada no territorio

As intervencións desenvolvidas por alumnado matriculado no grao de Paisaxe na EPS de Enxeñaría do Campus Terra da USC e na UDC transforman espazos degradados e achegan ideas para renaturalizar

O alumnado do grao en Paisaxe, unha titulación universitaria impartida conxuntamente na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría do Campus Terra da USC e na Escola Técnica Superior de Arquitectura da UDC xa está a deixar as súas primeiras pegadas no territorio galego, ben a través do desenvolvemento de diversos proxectos co n titoría académica, ben mediante achedas individuais e creativas de persoas cunha sólida formación interdisciplinar que lles permite conxugar de xeito harmónico intereses, a priori, dispares, cando non encontrados.

As intervencións, cando menos en fase de propostas, desenvolvidas en distintas contornas de Galicia por alumnado matriculado no grao de Paisaxe son aínda escasas en número e pouco visibles, pero non por eso carecen de interese. Cómpre lembrar neste senso no proxecto de Aprendizaxe e Servizo (ApS) ‘Lourizán. Renaturalización da Ría de Pontevedra no ámbito actualmente ocupado por Celulosas’, un programa desenvolvido por alumnado e profesorado do grao en de Paisaxe xunto coa Asociación Pola Defensa da Ría e o Concello de Pontevedra no que se propón a creación dunha franxa litoral verde nos terreos de Lourizán ocupados desde hai máis de seis décadas pola actividade industrial para a produción de celulosa.

As suxestións achegadas polo alumnado de Paisaxe implicados neste ApS son tan amplas como diversas e contemplan desde a creación dun sistema de praias e dunas na franxa marítima que conecta Pontevedra e Marín, ata o soterramento das vías do tren que chegan ao porto de Marín, o que permitiría recuperar o barrio dos Praceres, a humanización da autovía cara a Marín ou mesmo a



creación de marismas na desembocadura do regato dos Praceres e na confluencia dos canles de O Rozo e Pazo de Lourizán.

Así mesmo, contemplan a creación dun sistema de praias e dunas na franxa marítima entre Pontevedra e Marín, ou o soterramento das vías do tren que chegan ao porto de Marín

Ideas diferentes ás plantexadas para avanzar na rexeneración paisaxística da contorna da Ría de Pontevedra foron as presentadas polo alumnado do grao en Paisaxe para revitalizar e recuperar para a veciñanza os terreos da Valgada do Campus de Lugo a través dunhas rutas peonís seguros e a supresión de infraestruturas en desuso, como pode ser o actual anfiteatro.

A esta actuación, xa en marcha, súmanse outras orientadas á rexeneración da coruñesa Ría do Burgo e mesmo diferentes ideas para avanzar na conexión entre o castro de Elviña e a trama urbana da cidade herculina, ou o deseño dun dos 11 xardíns presentados ao Festival Internacional de Xardíns de Allariz (FIXA), un certame ao que os estudantes de último curso do grao en Paisaxe Lara Caamaño Fernández, Óscar Marqués Sánchez e Paula Fusté Hernández concorreron coa proposta ‘O mundo a través do xardín’.

PAISAXISMO. O grao en Paisaxe é unha titulación pouco coñecida ou incluso descoñecida, subliña a coordinadora deste título singular que botou a andar no Sistema Universita-

rio Galego (SUG) no curso 2018-19. A arquitecta e profesora Cristina García Fontán apoia esta consideración na necesidade crecente de incorporar a figura do paisaxista a outros equipos interdisciplinares e no propósito xa anunciado pola Administración de incluír a figura de paisaxista nos cadros de persoal nos distintos niveis das administracións.

“Esta cuestión, que foi un dos temas abordados no marco dos equipos de traballo que están a perfilar a reformulación do título de grao, reforza as oportunidades de inserción laboral dos titulados en Paisaxe, que se antollan como profesionais imprescindibles para avanzar na loita contra o cambio climático, ou para a aplicación da lei paisaxe eólica, e mesmo para a ordenación do territorio a aprobación e remodelacións dos PXOMs”, explica García Fontán.

A coordinadora do grao interuniversitario en Paisaxe que imparten USC e UDC destacou asemade a sólida formación adquirida neste título, no que se conxugan materias e disciplinas diversas, cuxa temática abrangue desde a bioloxía, economía, expresión gráfica, xeografía, matemáticas, estatística, proxectos, urbanismo, xeomática e topografía, arquitectura, medio ambiente, botánica, edafoloxía, tratamento vexetal, arte, historia... Ademais, engadiu García Fontán, “Paisaxe ten agora mesmo pleno emprego”.

As catro persoas da primeira promoción egresadas o curso pasado están xa exercendo actividade profesional. Un dos titulados xa se quedou na empresa que está a traballar na Ría do Burgo, mentres que outro acaba de incorporarse aos servizos municipais de Madrid para traballar na optimización dos sistemas de drenaxe de xardíns.



tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

COMPRA ON LINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD



COMPRA ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

O sétimo arte en Lugo

A Semana de Cine, dedicada aos irmáns Coira, terá lugar do 18 ao 23 de setembro con centos de proxeccións e seis películas a concurso

Un ano máis Lugo volverá centrarse no sétimo arte coa celebración da Semana de Cine de Lugo, entre o 18 e o 23 de setembro, que ten un aniversario importante, xa que chega á súa 45 edición, preto xa do medio século de historia.

Este ano faise unha importante retrospectiva á historia do cine xa que o propio cartel é unha foto de agosto de 1914, da rodaxe en Lugo do cineasta José Gil, desde un automóbil que circulaba polo adarve.

É a Semana de Cine unha actividade organizada polo Grupo Fonmiñá en colaboración coa Deputación Provincial, Concello de Lugo, Xunta de Galicia e Universidade de Compostela-Campus de Lugo e sempre un referente para os cineastas galegos. Conxuga coma sempre o mellor do ano cunha sección oficial a concurso, ademais dos documentais e un gran apartado dedicado ás curtametraxes. Ademais, este ano haberá un oco de novo para o cine en galego e para a produción no país veciño de Portugal, sen esquecer a sección infantil.

A retrospectiva nesta ocasión está dedicada aos irmáns Coira, que triunfan esta tempada coa súa serie *Rapa* e que recibiron o seu recoñecemento na cita dos Mestre Mateo. A selección das películas desta retrospectiva dos irmáns rabadenses pretende recoller fundamentalmente obras fóra dos circuitos máis comerciais. Documentais (*Eloxio da distancia*, *A Seara*, *Beiras*, *vivir 2 veces*) e ficcións pouco convencionais como *18 comidas* ou *Eroski Paraíso*. Completa a selección a última película estreada en cinemas dirixida por Jorge e protagonizada polo tamén lucense Luís Tosar (*Código Emperador*). Esta retrospectiva terá lugar no salón de actos da Xunta de Galicia, ás 18.00 e



ás 20.00 horas.

Noutra orde de cosas, o auditorio será o encargado de acoller tres categorías. A primeira a infantil, ás 18.00 horas, con presenza de películas importantes, unha delas a que nos fala dun Principito que cumpre 80 anos. Ás 20.30 horas terá lugar o mellor do ano, onde comezarán as proxeccións con *La ballena*, sen deixar atrás outros títulos de importancia como *Close* ou *Aftersun*.

Pola noite será a sección oficial, a

partir das 22.00 horas, primeiro coas curtas e logo coas longametraxes.

A Deputación será a encargada de acoller a sección documental, ás 18.00 horas; e a de homenaxes, ás 20.00.

O Vello Cárcere tamén contará con proxeccións, nesta ocasións serán as curtas, a partir das 17.00 horas, e o cine en galego, ás 19.00. Así mesmo, haberá varias proxeccións, ás 18.00 e ás 20.00 horas de películas realizadas en Portugal.

SECCIÓN OFICIAL

Películas

- The quiet girl
- El caftán azul
- El acontecimiento
- Empieza el baile
- Hasta que el amor nos separe
- Cuando la alondra canta

Curtametraxes

- Tectónica de placas
- Tap tap
- 7 dosis de dopamina
- Robots
- Solidarity day
- Calxophobia

PROXECCIONS

Infantil

- Auditorio Gustavo Freire
- En busca del mapa perdido
- El Principito
- El secreto de Vicky
- Hooper, el pollo liebre
- Una amistad para siempre
- Oink oink

O mellor do ano

- Auditorio Gustavo Freire
- La ballena
- Un segundo
- Close
- Aftersun
- Eo

Cine documental

- Chichi e mais eu
- La memoria del Cine
- Mia Moglie
- No se oye
- Orilla
- Xeosónica
- Nos acompañamos
- Bienvenido a ma maison
- Chomón el incoherente
- Estragos del lienzo
- Elexia de atacama

Homenaxes

- Raúl
- Amor sin barreras
- Invictus
- La vida entre dos noches
- Papá
- Cardoña.fotos a 7 pesetas
- Delicioso
- El amigo americano
- Celavella na Habana

Portugal

- Vello Cárcere
- Já nada sei
- Vidas na fronteira
- Jose Luis Espinosa, o espía
- O amor é auga que corre
- A raia
- Auga nas guelras
- Amoreiras
- A muñeca de Kafka
- Anticlímax
- El mono
- Diáspora
- A costa dos lançados

Retrospectiva Irmáns Coira

- Salón de Actos da Xunta de Galicia
- Eloxio da distancia
- 18 comidas
- A seara eroski paraíso
- Beiras. Vivir 2 veces
- Código emperador

Chega a Lugo o Festival Mundial de Ilusionismo

O Festival Mundial de Ilusionismo Galicia Ilusiona achegará varios espectáculos a Lugo.

O festival percorrerá as catro provincias galegas durante os meses de setembro e outubro coa participación dalgunhas das figuras máis recoñecidas do ilusionismo a nivel mundial. Esta edición inclúe como novidade actuacións itinerantes a bordo dunha caravana convertida nun sorprendente teatro máxico. En Lugo recalará o vindeiro venres, 8 de setembro, na praza Maior, coa presenza do mago lucense Rafa e a maga argentina Lore Lavand. Ao longo da xornada haberá dez funcións de vinte minutos con vinte prazas cada unha.

Así mesmo, o auditorio Gustavo Freire acollerá o 6 de outubro a Gran Gala Internacional de Maxia, con ilusionistas chegados desde diferentes países que presentarán números premiados a nivel internacional. A gala contará con Miguel Muñoz e Amadeo Edama (España), Paul Ponce (Arxentina), Dania Díaz (Venezuela) e o Dúo Kybalion (Arxentina e Rusia).

A Tradescola abre o prazo de matrícula

A Tradescola abriu o prazo de matrícula para o vindeiro curso nas aulas de gaita, zanfona, acordeón, acordeón diatónico, baile tradicional, canto e pandeireta, pandeira, percusión, requinta, e linguaxe musical ademais de aulas específicas para os máis pequenos.

A matrícula permanecerá aberta en horario de 11.30 a 13.30 e de 16.30 a 19.00 horas ata o 15 de setembro nos seus locais na Rúa Pintor Corredoira nº 4 de Lugo.(Centro Lug2) ou no teléfono 982229966.

j.m.rivas ACADEMIA

jmrivas.es
Aula Virtual

OPOSICIONES

ENSEÑANZA PRIMARIA

- Temario propio
- Toda la legislación resumida
- Resolución de casos prácticos
- Elaboración de la P. Didáctica
- Defensa de la P. Didáctica

- Exposición de U. Didáctica
- Simulacro de examen
- Grupos reducidos

PREPARACIÓN DE LA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

jmrivas.es

C/ Dr. Fleming, 8.
Telf.: 982 81 56 22

ASOCIADOS EN LUGO

j.m.rivas ACADEMIA

C/ Dr. Fleming, 8 - Lugo
Tel.: 982 815 622

pérTiga

Escuela de Profesiones Técnicas
C/ Juana Nogueira, 7B - Santiago
Tel.: 981 553 622

OPOSICIONES

ENSEÑANZA SECUNDARIA

- Matemáticas
- Física y Química
- Informática
- Organización de Proyectos y Sistemas Energéticos
- Sistemas Electrónicos
- Sistemas Electrotécnicos y Automáticos
- Tecnología

FORMACIÓN PROFESIONAL


- Instalaciones Electrotécnicas
- Sistemas y Aplicaciones Informáticas
- Equipos Electrónicos

PREPARACIÓN DE LA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

pertiga.es
jmrivas.es

Conversa con Camino Casabella, artista plástica e profesora de debuxo

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

Camino Casabella é unha artista plástica afincada na cidade de Lugo. No ano 2003 obtivo a Licenciatura en Belas Artes, na especialidade de Pintura, pola Facultade de Belas Artes de Pontevedra (Universidade de Vigo) e traballa como profesora de Debuxo en Secundaria e Bacharelato. En 2015 rematou o Ciclo Medio de Serigrafía Artística na Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón, recibindo o premio ao mellor expediente.

Aínda que resides en Lugo desde sempre, estás moi vinculada á Mariña Lucense, verdade?

Si é certo xa que nacín en Lugo, pero meus pais decidiron rexistrarme en Alfoz de onde son eles. E paso gran parte do verán alí coa miña familia.

Cando descubriches a túa vocación como pintora e artista plástica?

Xa na gardería, cando tiña tres anos, ás miñas profesoras gustábanlles os meus debuxos, chamábanlles moito a atención e no colexio fun gañadora de varios premios en cousas creativas, tanto debuxando como nas redaccións. No instituto xa tiña moi claro que quería facer Belas Artes.

Que lles pareceu aos teus pais?

Moi ben, encantábanlles, e querían que fixera o que me gustaba. Niso tiveron moita sorte, sei que moitos pais non queren que os seus fillos se dediquen ás profesións artísticas xa que non lles ven saídas laborais.

E teñen saída?

Eu penso que cando alguén é bo nalgo sae para adiante. O que non pode ser é que sexa unha persoa frustrada por ter un traballo que non lle interesa. O importante é que lle guste,

porque para facelo ben ten que poñer moito da súa parte.

Es profesora en Secundaria, gústache o ensino?

Si, por suposto, o que pasa é que na actualidade a Educación, en Galicia, está a pasar por unhas circunstancias moi duras debido aos recortes no Ensino Público. Isto tradúcese en aulas masificadas con escaseza de apoios dirixidos, fundamentalmente, ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e con dificultades de aprendizaxe coma a nenez inmigrante que non coñece ben o idioma castelán. En resumo que necesita un apoio extra.

A que te refires coa masificación?

A aulas con trinta alumnos, menos que cando eu estudaba (chegábase a ser corenta), mais agora hai unha gran diversidade e necesitan profesoras e clases de reforzo e contidos adaptados.

Na túa área afectan os recortes?

Moitísimo, máis que noutras, especialmente, en canto aos materiais que se poden empregar en Plástica. Non é o mesmo ensinar cando tes arxila para modelar ou pinceis de calidade e papel de tamaño grande para pintar. Así é como os nenos e nenas desfrutan coa aprendizaxe. Nestes momentos están a traballar en folios e coas pinturas que traen da casa. Isto fai menos atractiva a materia e moito máis difícil ensinar.

Supoño que te atopaches con xente que considera que a Plástica, o Debuxo non son importantes?

En xeral, existe unha percepción de que as artes plásticas son prescindibles e que non son importantes para o futuro profesional do alumnado. Eu opino todo o contrario, a creatividade e moitas outras habilidades que se traballan na Plástica son fundamentais. En realidade, as artes deberían ocupar un lugar central na educación

pública, aínda que sucede o oposto, porque o acceso ás elas é cada vez máis difícil para as persoas menos privilexiadas. Ademais, a Plástica fomenta a inclusión nos centros, xa que moitos nenos con talentos diversos e capacidades diferentes brillan nesta materia ao poder desenrolar todas elas. A Educación Artística tamén contribúe a mellorar a saúde mental do alumnado, ao permitir a expresión persoal nunha contorna relaxada e favorecendo o traballo colaborativo a través de proxectos colectivos. Pola miña propia experiencia, eu comprobei que traballando en equipo, os nenos e nenas con dificultades aprenden moito mellor que se fora individualmente. Cando eles e elas colaboran e aprenden dos demais compañeiros e viceversa, a clase funciona moito mellor.

Podes falarnos dalgunha desas experiencias?

No colexio de Castroverde pintamos un par de murais en grupo, tamén pintamos camisetas, e deseñamos a maqueta dunha cidade, coa que aprenderon cuestións urbanísticas e conceptos como o das escalas, o paso da representación bidimensional ao espazo tridimensional, e a construción de corpos xeométricos.

Pensas que co abuso dos dispositivos dixitais a nenez perde habilidades?

Si, exactamente. Teño que ensinalles destrezas moi básicas, como medir cunha regra, cortar cun cutter...

Falas de Castroverde, pero o curso pasado estiveches nun instituto de cidade, cales son as diferenzas?

Principalmente, a masificación das aulas. A diversidade está en todas partes, pero hai máis problemas para atender ao alumnado en xeral e de convivencia. Non é igual organizar un centro grande con moito alumnado que outro máis pequeno que permite unha atención personalizada. Ademais a nenez do medio rural pasa máis tempo coas súas familias en circunstancias menos estresantes.

Traballas os temas sociais?

Si, ademais de facer un proxecto artístico, moitas veces trato de introducir contidos transversais para favorecer a reflexión sobre os grandes problemas sociais coma a desigualdade de xénero, a discriminación por calquer condición (raza, orientación sexual, discapacidade...), o cambio climático... Aproveitando as datas sinaladas no calendario como o Día Mundial do Clima e dependendo do momento da programación do curso, traballo de forma diferente.

A través da túa traxectoria, expresas o teu interese por este temas?

Si, por exemplo, cando fixen as exposicións colectivas "Artistas Polo Clima" ou "Bravas" (Caldiae Factoría Cultural, Lugo), ambas foron coordinadas por min. No ano 2019 participei na exposición colectiva "Ha(v)-belas. Sete



mulleres que falan a través da arte", no Vello Cárcere, xunto a Anusca, Alba Díaz, Bego Pérez, Isabel Somoza, María Mata e Susana Vilanova.. O obxectivo da mesma era exteriorizar a creación artística de mulleres de Lugo.

Coñécese máis pintores homes que mulleres, cal pensas que é a razón?

A razón é resultado dun problema que existe, especialmente, nas artes plásticas xa que se trata dun mundo que non está moi ben regulado profesionalmente e predomina moito a desigualdade. As persoas que ocupan postos de decisión son homes e tenden a dar máis oportunidades a outros homes. As cifras corroboran esta desigualdade. Segundo a Asociación de Mujeres en Artes Visuales, no seu informe de Ferias de Artes de 2023, e na de Arco Madrid houbo un 37,3% de artistas mulleres, da cales só un 17,3% eran españolas. Cifras que foron aumentando paulatinamente desde 2019. Para evitar esta desigualdade, cando fun Coordinadora de Cultura en Lugo, dende marzo de 2019 ata marzo de 2020, dirixín unha Programación Cultural Anual adicada unicamente a mulleres artistas, algo que puidemos facer realidade por primeira vez dende unha plataforma cidadá lucense, en colaboración con Caldiae Factoría Cultural. E en colaboración con En Marea coordinei unha exposición de arte colectiva itinerante, titulada "A Loita Feminista Pola Igualdade No Deporte".

Na actualidade estás levando a cabo algún proxecto artístico?

Si, continúo cun proxecto que comecei en 2016. Trátase do proxecto "Heroínas De Tódolos Días", que xa mostrei na miña primeira exposición individual en 2018 no Centro Asociado da UNED de Lugo e, posteriormente, na Escola Oficial de Idiomas e en Lugo. Con este traballo intento cambiar a forma na que tradicionalmente se representa ás mulleres, como obxectos ou nun lugar subordinado. Trátase de poñer no primeiro plano ás mulleres que a pesar de ser heroínas reais, xusto as que necesitamos, e que veñen a cambiar o mundo, son esen-

cialmente pouco recoñecidas, porque os heroes teñen que ser os machos capitalistas. Son persoas normais que nun momento determinado se atoparon nunhas circunstancias fóra do común, que as levaron a comportarse de xeito heroico e levar a cabo verdadeiras proezas, empregando cualidades como a empatía, a colaboración e a intelixencia emocional, contribuíndo á sociedade e rachando estereotipos polo camiño. Entre elas están Raísa Carolan, Ciara Lawrence, Anna Gabriel, Connie Mudenda, YSÉE, Charlotte Courbe, Jessica Greenfield, Eva Tolage ou Edel Harris, que destacan en diversos ámbitos.

Que máis problemas te preocupan?

En marzo de 2022 contribuí a crear a campaña "Outro Garañón... na Muralla?"; da que son voceira, en colaboración con representantes de Adegas (Asociación Para A Defensa Ecolóxica de Galiza), do Foro do Camiño Primitivo (que integra a unha trintena de colectivos e profesionais que defenden a ruta máis antiga de peregrinación a Santiago de Compostela), e outros cidadáns. Con esta campaña buscamos concienciar á opinión pública, e conseguir a implicación dos grupos políticos do Concello de Lugo para impedir que se leve a cabo un agresivo proxecto de especulación urbanística aprobado en 2019, no punto no que conflúen a Muralla Romana e o Camiño Primitivo, ambos declarados Patrimonio da Humanidade pola Unesco. O noso obxectivo é a retirada de dito proxecto, e a proposta dunha solución alternativa máis respectuosa co Patrimonio, e que responda ao interese xeral. Esta campaña segue adiante na actualidade e temos concentracións diante da porta de San Pedro.

Que che gustaría engadir?

Que a cultura ten que reflexar a realidade dunha sociedade, algo que non sucede hoxe en día, porque a metade da poboación non está suficientemente representada. Ademais a arte non é prescindible, é vital, e funciona como motor de cambio: cando ves unha película, un cadro, escoitas música... transfórmate.

¡VUELTA AL COLE! escolActiva

- Refuerzo escolar en Infantil y Primaria
- Apoyo en ESO y BAC (todas las materias)
- CELGA 2, 3 y 4 modalidad online y presencial (CONVOCATORIA EN NOVIEMBRE)
- Idiomas: Inglés, italiano y español para extranjeros

¡MATRÍCULA GRATUITA! 10% de descuento*

*Descuento válido en el mes de septiembre para nuevas matrículas. Máximo 1 por persona y aplicable siempre que se entregue el anuncio.

Rúa Camiño Real 48, baixo Lugo. ☎ 676 115 427 / 982 807 670
www.escolactiva.com

“Sabemos conxugar o trato próximo coa responsabilidade que se lles esixe”

José Manuel Rivas Bande, responsable da academia do mesmo nome da rúa Doutor Fleming de Lugo

Que é e como nace JMRivas Academia?

Comezamos a nosa andaina no 1986 dando clases de apoio a alumnado de Secundaria e Bacharelato e, máis tarde a alumnado universitario en numerosas materias. Foi no ano 2005 cando nos trasladamos á actual dirección da academia, na rúa Doutor Fleming 8.

Que é o que máis valoran os alumnos? E os pais?

No noso centro respírase un ambiente familiar e de grupo. Sabemos conxugar o trato próximo cos alumnos sen renunciar á responsabilidade que se lles esixe. Cando é necesario facemos un asesoramento personalizado con pais e alumnos. Valoran especialmente a atención continua do profesorado e a aportación de material propio

moi elaborado, dispoñible na nosa aula virtual as 24 horas. Os grupos específicos para cada grao, centro de ensinanza e nivel redundan en resultados excelentes que así reflecten os nosos alumnos nas probas.

Cal é o segredo para tantos anos de traballo?

Utilizar metodoloxía adecuada e individualizada para cada alumno, profesores especializados en cada materia, con experiencia e moita dedicación aos seus alumnos. Por moitos resultados que acadamos nun ano, non podemos baixar as mans. Hai moito traballo diario para que tanto os contidos como o material propio noso sexan cada vez mellores. Para nós é un orgullo que os nosos antigos alumnos confíen en nós para atender aos seus fillos.



Que servizos ofrecen?

✓ Ofrecemos unha gran variedade de servizos. Por unha parte as **clases de apoio en ESO e Bacharelato**. Resolvemos todas as dúbidas e practicamos con moitos exercicios adaptándonos o teu ritmo ofrecendo unha atención individualizada. O noso profesorado está especializado nos grupos e nas materias que imparten, contando cun material propio elaborado polo noso equipo (exercicios de exames, conceptos fundamentais, esquemas, resumos...). Facilitamos tamén o acceso a nosa aula virtual as 24 horas.
✓ Tamén facemos **preparación intensiva da EBAU**. Facemos un curso intensivo de EBAU durante as tres

semanas previas, repasamos as noções fundamentais e practicamos os exercicios tipo. Os alumnos fan todos os días un exame de cada materia con exercicios que aparecen na proba da ABAU para que se acostumen ao tipo de exame e á súa duración.

✓ Asesoramos tamén a pais e alumnos sobre diversos aspectos relativos o seu **acceso a universidade**. Notas de corte, trámites administrativos, tamén para maiores de 25 anos con atención personalizada e aportación do material necesario.

✓ Tamén axudamos coa **proba de acceso a FP superior e medio**.

✓ Nos estudos de **Universidade**, actualmente impartimos clases de

apoiamento para diferentes graos. Da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría formamos en Robótica, Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria, Enxeñaría Forestal e do Medio Natural e Enxeñaría Civil. De Ciencias formamos en Bioquímica, Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, e Nutrición Humana e Dietética

✓ Tamén preparamos **oposicións** de Educación Secundaria e Formación Profesional. Contamos con ampla experiencia e resultados moi satisfactorios en anteriores convocatorias na preparación de oposicións aos corpos de Profesores de Ensino Secundario (PES) e Profesores Técnicos de Formación Profesional (PTFP).

Somos especialistas nas ramas de Matemáticas, Física e Química, Tecnoloxía e Electricidade.

Tamén preparamos oposicións para mestres de Primaria. Temos temario propio e toda a lexislación resumida. De feito, dispoñemos de material específico baseado en casos prácticos de convocatorias anteriores.

Ofrecemos resolución de casos prácticos, elaboración da programación didáctica (corrección incluída), defensa da programación didáctica (ensaos individuais incluídos), exposición da unidade didáctica (ensaos individuais incluídos) e facemos simulacros de exame, sempre con grupos reducidos.

O PP reclama o coidado das esculturas

O PP propón un plan de seguimento e mantemento continuo para esculturas en espazos públicos. O concelleiro popular Agustín Gallego enumerou varios exemplos de monumentos que teñen verdín ou suciedade froito da metereoloxía, ou ben outros casos nos que sufren destrozos por vandalismo.

Dende o PP lamentan “a deixadez e a falta de atención do bigoberno á hora de conservar en bo estado o patrimonio que temos” e pide que se fagan revisións periódicas para recoller aquelas incidencias que puideran producirse para logo buscar as solucións pertinentes.

Expuxo tres exemplos onde o verdín “afea as esculturas” ou elementos conmemorativos: bimilenario da fundación de Lugo situado nas inmediacións da porta de San Fernando, busto de Rosalía de Castro e tamén hai numerosos exemplos na zona rural como o cruceiro da parroquia de Muxa.

Segue aberto o prazo de matrícula en mestrados da USC

O Servizo de Xestión Académica da USC vén de publicar a listaxe de prazas vacantes para a matrícula en mestrados da USC no curso 2023-24. A relación inclúe 364 prazas dispoñibles para cursar estudos en 46 titulacións, ás que se suman outras 35 que contan con listaxes de agarda, e que procederán con chamamentos individuais para esgotar as prazas dispoñibles, e outras 2 que xa non contan con vacantes.

O prazo de matrícula esténdese ata o 15 de setembro. As prazas iran ocupando por estrita orde cronolóxica de formalización da matrícula a través da Secretaría Virtual da USC.



Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

A piscina de Frigsa acolleu 8.000 lucenses en xullo

Máis de 8.000 lucenses escolleron a piscina exterior de Frigsa para refrescarse durante o mes de xullo. A asistencia sitúase en niveis similares aos do ano pasado, no que no mesmo mes experimentouse unha ola de calor e as temperaturas medias foron sensiblemente superiores ás do mesmo período deste ano.

O concelleiro de Deportes, Jorge Bustos, valorou positivamente este dato de asistencia. "A piscina exterior de Frigsa xa está consolidada como zona de recreo na tempada estival e no que levamos de mes de agosto a asistencia segue sendo moi alta", sinalou o edil. Bustos recordou que "o Goberno local apostou, un ano máis, por conxelar as tarifas".

CURSOS. Para esta tempada a área de Deportes oferta un total de 3.024 prazas nos diversos cursos de natación que se impartirán nas piscinas de Frigsa e As Pedreiras ata xuño de 2024. Nas clases para crianzas, de periodicidade trimestral, poderán participar 1.278 nenos e nenas mentres que nas de adultos existen un total 1.746 matrículas dispoñibles.

O Goberno local conxela as taxas. Deste xeito os prezos quedan fixados en 18,40 euros por mes para a matrícula infantil e 22,90 para adultos. O calendario establece tres períodos: o primeiro de outubro a decembro, outro desde xaneiro a marzo e o último que abarca desde o mes de abril ata xuño. O prazo de inscrición remata o día 11 ás 14 horas. Os interesados deben presentar os impresos en Frigsa ou na piscina das Pedreiras. Posteriormente, a matrícula formalizarase entre o 18 e o 21 de setembro nas instalacións do parque da Milagrosa.

O Concello inicia a compra de 7.000 novas tarxetas cidadás

O tenente alcalde, Rubén Arroxo, anunciou que o Concello de Lugo iniciou o procedemento para adquirir 7.000 novas tarxetas cidadás. Arroxo explicou que "comezamos o procedemento para garantir que sempre haxa existencias de tarxetas cidadás, e facilitar que a veciñanza poida desfrutar de todas as vantaxes que supón a tarxeta á hora de desprazarse en bus urbano".

"Lugo ten o transporte máis barato das cidades galegas e o terceiro máis barato das capitais de provincia do estado", explicou Rubén Arroxo, que engadiu "coa Tarxeta Cidadá, o prezo do bus urbano redúcese ata nun 50%". O Tenente Alcalde anunciou que "máis de 30.000 persoas teñen xa a súa tarxeta cidadá e desfrutan de to-

das as vantaxes que supón este sistema".

Pagando con tarxeta cidadá, o prezo do billete ordinario pasa de 0.64€ a 0.45€, no caso de non ter dereito a bonificacións, ou a só 0.31€ no caso de persoas pensionistas, desempregadas, estudantes ou persoas con mobilidade reducida, con transbordos gratuítos en todas as situacións. Para obter a tarxeta cidadá, deberá cubrirse o formulario que se pode atopar na web do Concello, ou recollelo nas oficinas municipais do seminario, e pagar a taxa de 3,09€ nunha oficina de Abanca. Despois, deberá pedirse cita no 010 para retirar a tarxeta nas oficinas do Concello. A recarga do moedeiro será, como mínimo de 5€, cun máximo de 60€.

Regresará en novembro o Concurso de Tapas



O tenente alcalde, Rubén Arroxo, a concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, xunto ao secretario da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo (APEHL), Jacobo García, presentaron a XVIII edición do Concurso de Tapas de Lugo, que este ano se celebrará entre os días 3 e 19 de novembro.

Maite Ferreiro puxo en valor a importancia dun certame que celebra este ano a súa 18 edición, e que da

unha importante promoción á cidade de Lugo e á hostalería local. A concelleira agradeceu aos establecementos participantes "o seu esforzo en buscar cada ano novos traballos con produtos locais".

O prazo de inscrición estará aberto entre o 1 e o 15 de setembro, toda a información sobre as inscricións pode obterse contactando por correo electrónico coa apehl no enderezo comunicacion@apehl.org ou no teléfono 982 226 912.

Inician unha campaña sobre o consumo responsable de alcohol

Comeza unha nova campaña de sensibilización sobre o consumo responsable de alcohol posta en marcha pola área de Xuventude do Concello de Lugo en colaboración coa Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería de Lugo (APEHL). A través desta iniciativa, baixo o título A túa saúde o Concello elaborará diferentes materiais divulgativos, como dípticos ou mupis, que serán instalados no núcleo urbano e que conterán in-

formación relacionada coa mesma. "Así mesmo, todos os establecementos da cidade que desexen adherirse recibirán, ademais dun distintivo de local colaborador, materiais como carteis ou pousavasos con códigos QR que enlazan coa páxina do Ministerio de Sanidade na que se proporciona información sobre a prevención do consumo de alcol en menores, consellos, etc", explicou o concelleiro.



VISITA. O Impulso Verde, situado na Garaballa, continúa a recibir visitas de centros educativos e emprendedores de toda España. Así, albergou unha guiada na que participaron alumnos de albanelería do obradoiro de emprego Vía da Prata II do Concello de San Cristovo de Cea (Ourense).

RAXERIA LAXA
ESPECIALISTAS EN CARNE DE VACA PREMIUM

C/ EDUARDO PONDAL 20, BAJO, LUGO - TEL. 982 216 536
www.raxeriaalaxa.com

ÚNICOS EN LUGO ESPECIALIZADOS EN LA SALUD BUCODENTAL DE TU MASCOTA

SI TU MASCOTA MUESTRA ALGUNO DE ESTOS SÍNTOMAS...

- Tiene mal olor de boca
- No te deja tocar su boca
- Le cuesta comer, morder objetos o apenas juega

...PUEDE SER POR UNA PATOLOGÍA BUCAL COMO ENFERMEDAD PERIODONTAL O UNA CAUSA MÁS GRAVE....

¡Una boca sana alarga la vida de tu Mascota!

PORTOVET

¡VEN A CONOCERNOS! Y ASESÓRATE CON NUESTRO ESPECIALISTA EN ODONTOLOGÍA VETERINARIA para conocer las mejores opciones de tratamiento

Calle Dinan 1-3, Lugo

Cita previa | Urgencias
982 46 50 65 | 655 36 97 33



Por Lugo:

**VAI
EN
BUS**

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

urbanoslugo.com



#activandolugo



Concello de Lugo

Área de Mobilidade e
Infraestruturas

Renden unha homenaxe ás persoas represaliadas polo franquismo



O Vello Cárcere acolleu unha homenaxe institucional a todas as persoas represaliadas polo franquismo organizada polo concello e a deputación de Lugo polo día da Galicia Mártir. No acto Maite Ferreiro destacou o compromiso do Goberno de Lugo para “continuar a manter viva a memoria de todas as persoas que foron asasinadas por defender os seus ideais”. Durante o acto, Maite Ferreiro leu o manifesto elaborado pola fundación Alexandre Bóveda para o día da Galiza Mártir de 2023.

Con esta acción desde o Concello e a Deputación de Lugo preténdese dar un paso máis na rehabilitación da figura de Alexandre Bóveda, quen foi vítima dun falso proceso xudicial en Pontevedra, e de todas as persoas mártires da liberdade que el simboliza na memoria histórica e democrática do pobo galego. O Vicepresidente da Deputación e deputado de Memoria Histórica, Efrén Castro, e destacou a figura de Alexandre Bóveda como “un símbolo de todas as persoas que loitaron contra o réxime fascista”. Segundo Efrén Castro, “as institucións públicas debemos honrar a todas as persoas mártires da liber-

dade na historia do pobo galego”. O Concello de Lugo acordou institucionalizar a celebración do Día da Galiciaa Mártir en febreiro do ano 2020, e desde a área de Cultura realizouse a primeira homenaxe o 17 de agosto nese ano. Maite Ferreiro criticou que, a pesar das peticións de oficializar esta homenaxe a todas as persoas que sufriron a represión franquista, “a Xunta do Partido Popular non deu aínda o paso”.

GALICIA MÁRTIR. A primeira vez que os dereitos e liberdades nacionais do pobo galego foron recoñecidas xurídica e politicamente foi dentro do marco constitucional da IIª República Española, coa ampla maioría social que permitiu plebiscitar o Estatuto de Autonomía galego o 28 de xuño de 1936. Poucas semanas máis tarde produciuse a sublevación violenta dun segmento das forzas armadas do Estado Español contra do réxime constitucional da IIª República e do seu lexítimo goberno, saído das eleccións democráticas celebradas en febreiro do mesmo ano de 1936, gañadas polo Frente Popular.

Eliminadas en Lugo máis de 6.000 raíñas de vespa velutina

O Concello vén de eliminar máis de 6.000 raíñas de vespa velutina a través dunha campaña de tramepe profesional.

En total, o Servizo de Protección Civil distribuíu un total de 2.500 trampas dende a primavera (1.500 máis que o ano anterior), concentrando os esforzos na contorna rural onde se aglutinan a maior parte dos enxames, xa que existen determinadas especies como as camelias ou as árbores froiteiras que resultan un reclamo para a especie e, por tanto, os cebos son máis eficaces.

“Sen dúbida a adquisición dun maior número de trampas permitiunos aumentar as capturas e polo tanto esta tempada podemos falar dun incremento substancial de niños eliminados o que axuda ao seu control no conxunto do termo municipal”, informou o tenente de alcaldesa.



As trampas adquiridas polo Executivo local están certificadas e contan con varios orificios de entrada cubertas cun túnel de concentración de cheiros que evita o escape dos insectos atrapados. Ademais, dispoñen dun sistema para o baleirado e

outro de ancoraxe para colocalas en altura. Así mesmo, o líquido atraínte para vespa velutina que serve como cebo contén unicamente estratos de plantas e está formulado para non atraer ás abellas, cumprindo así os máis altos estándares medioambientais.

As vespas capturadas morren nas trampas e son recollidas e almacenadas en recipientes herméticos que son transportados polo Servizo municipal de Protección Civil para a súa posterior xestión ambiental cumprindo de forma estrita a normativa. “Na loita contra esta especie invasora é fundamental acoutar o número de raíñas, pois se estima que aparecen uns 6.000 exemplares por niño, cifra que crece de forma exponencial a medida que medra a comunidade sen non se actúa cedo”, indicou o concelleiro.

Comezan na USC as charlas sobre nutrición e dano cerebral en Lugo

Ata e o 21 de setembro a Facultade de Ciencias de Lugo acolle as Xornadas de Aproximación Social e Nutricional ao Dano Cerebral Adquirido. Organizadas pola Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace) e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), en colaboración coa Deputación de Lugo, as actividades combinan a abordaxe teórica e práctica sobre unha discapacidade provocada, fundamentalmente, por ictus e traumatismos craneoencefálicos, que afecta a unhas 36.000 persoas en toda Galicia.

As accións programadas, gratuítas previa inscrición, están especialmente centradas en ofrecer información de utilidade para que as persoas con DCA, ás súas familias ou quen participa no seu coidado, poidan afrontar as dificultades na alimentación, deglución e nutrición derivadas de secuelas nas esferas neuromusculares, cognitivas, sensoriais, emocionais, condutuais e sociais.

Ademais, posto que as xornadas tamén procuran contribuír a loitar contra o descoñecemento e a invisibili-

zación desta súbita lesión cerebral, que adoita considerarse unha “epidemia silenciosa” pola dificultade para detectar as súas consecuencias, a participación está aberta ao público xeral.

A programación xa arrancou o 4 de setembro, coa inauguración, no recinto da Facultade de Ciencias, da exposición *Punto e seguido*. A mostra, que poderá visitarse até o día 18, está composta por 38 imaxes realizadas polo fotógrafo compostelán Aigi Boga e visibiliza o día a día de persoas con DCA das cinco entidades que conforman o movemento asociativo deste colectivo.

O mércores 20 de setembro impartiranse as sesións divulgativas no salón de actos. Entre as 16 e as 17h desenvolverase unha charla de sensibilización e aproximación ao DCA da man de Carla Miranda Iglesias, traballadora social en Feagadace, e, tras un pequeno descanso no que se convidará as asistentes a visitar a exposición fotográfica, de 18 a 19h terá lugar un relatorio sobre dislexia e alimentación en persoas con DCA, impartido por Noelia Rivadas, logopeda da Federación.

O peche do ciclo realizarase o xoves 21 de setembro co desenvolvemento do obradoiro de elaboración de pratos e receitas adaptadas á dislexia, particularmente pensado para persoas con DCA, persoas coidadoras e familias. Estará impartido polo cocinero e docente José Luis Álvarez Bouso.

EN BOAS MANS
CENTRO DE FISIOTERAPIA

<p>SE ATIENDEN ACCIDENTADOS DE TRÁFICO</p> <p>FISIOTERAPIA Deportiva Neurolóxica Traumatolóxica Drenaxe Linfático E.P.I. / EPTE</p>	<p>TRATAMIENTOS Accidentes de tráfico Lesións Deportivas Neurológico Traumatolóxico Ondas de Choque Radiofrecuencia Game Ready Sistema SIS</p>
---	---

Miguel de Cervantes, 38 baixo - 27003 Lugo. 962 809 038 / 678 855 342

www.boasmans.com
info@boasmans.com

A TENDA DE FINGOI
ABRIMOS TODOS LOS DÍAS

PANADERÍA
FRUTERÍA
ALIMENTACIÓN

SERVICIO A DOMICILIO
Calle Armórica 102, baixo - Lugo. Tel.: 982 225 409

O Centro Terapéutico Iria Hidalgo abre as portas en Augas Férreas

Iria Hidalgo Arcos é a titular deste establecemento da rúa Rosón. Esta profesional, nada en Lugo, está especializada en terapia infanto-xuvenil

Iria, cóntanos aos lectores en que consiste a profesión de terapeuta ocupacional?

Os terapeutas ocupacionais centrámonos en mellorar a calidade de vida nas persoas. Traballamos en distintos ámbitos, ben sexa en saúde mental, en rehabilitación física en adultos, en xeriatría... Pero eu son especialista en nenos, concretamente en atención infanto-xuvenil. No meu caso, estudei a carreira de terapia ocupacional na Universidade de Oviedo, despois especialiceime noutras universidades como foron na Universidade Autónoma de Madrid e na Universidade do Sur de California. Nesta última foi onde me certifiquei en integración sensorial. O que facemos os terapeutas da miña especialidade, é atender as dificultades relacionadas co ámbito cognitivo, motor, sensorial, actividades da vida diaria, sempre desde a perspectiva de favorecer a autonomía e a independencia dos nenos.

Cando decidiches crear este centro?
Pois foi alá por maio cando me decidín e din comezo os trámites. Considere que esta zona da cidade ten uns servizos de alta calidade doutros profesionais cos que é habitual coordinarnos, por exemplo, logopedistas, de fisioterapia e pedagogía. Penso que sempre axuda estar preto de outros profesionais sanitarios cos que sempre debemos coordinar as actividades.

Cales son as persoas as que dirixes as actividades do centro?

As persoas coas que colaboramos son nenos con idades comprendidas entre os 0 e os 18 anos. Os diagnósticos máis habituais que se atopan



na sociedade son os trastornos de espectro autista, trastornos de déficit de atención, alteracións xenéticas ou retrasos motores simples como é o caso dos bebés que poden tardar un pouquiño máis en gatear ou nenos que na escola poden detectar que desenvolveu o xogo simbólico por exemplo.

Estas necesidades, cal é a forma máis común de detectalas?

As fontes de detección poden ser calquera, pode ser pediatría, pode ser a escola, a familia, o logopedista, poden variar, pero as máis comúns son a familia, o pediatra ou a escola. O que si temos claro na nosa especialidade é que os nenos menores de seis anos reciben a denominada atención temperá. Eses nenos están nunha etapa na que o seu cerebro ten unha maior plasticidade, e dicir, aprenden moito máis fácil. Entón un diagnóstico nesas idades axuda a prever dificultades futuras. Hai moi-

tas máis posibilidades de melloría acudindo a terapia nesta etapa que en outras posteriores.

Como se leva a cabo o traballo na clínica?

O primeiro paso, é sempre unha entrevista inicial onde se recompilan os datos e se realiza unha valoración inicial. A partir de este punto, establécense un plan de intervención personalizado coas sesións semanais de terapia. Finalmente, no momento de alcanzar os obxectivos, daríase a alta. Gustaríame sinalar que na clínica temos tamén connosco a Julia Rivas, unha psicóloga, que neste caso atende tanto a nenos como a persoas adultas.

Que debemos facer para acudir a consulta?

As persoas que queiran acudir deben facelo, previa cita. Poden solicitarla no 641702507. Estamos onde a praza de Augas Férreas, concretamente na rúa Rosón 1.

O Concello e o colectivo Down Lugo firman un convenio en prol da inserción laboral

A área de Cohesión Social, a través do CEI Nodus, e Down Lugo veñen de subscribir un convenio para que persoas con discapacidade intelectual realicen prácticas laborais nos diferentes servizos municipais. A finalidade deste acordo en prol da integración é facilitar a inserción das persoas con diversidade funcional. “Desde o Concello, como a administración máis próxima á cidadanía, seguimos a impulsar medidas que promovan a igualdade de oportunidades, suprimindo as barreiras que aínda existen e nos limitan en moitos ámbitos da vida. Sen dúbida, este labor debe involucrar a toda a sociedade, e de forma particular ao noso rico tecido asociativo que fai un gran traballo neste eido, mais como responsables públicos temos o compromiso de propoñer as solucións e as liñas xerais de acción máis axeitadas para acadar este obxectivo”, sinalou a responsable de Cohesión Social,

Ana González Abelleira.

Froito desta colaboración, que estará en vigor como mínimo ata o ano 2027, no vindeiro mes de setembro dúas persoas desenvolverán a súa actividade profesional nas dependencias municipais. Trátase dun período de natureza formativa que terá unha duración de 120 horas – e durante o cal os participantes estarán titorizados en todo momento – “para favorecer que adquiran experiencia e que obteñan os coñecementos necesarios que lles permitan superar con éxito os procesos de oposición aos que concorren”, abondou a edil.

Nesta mesma liña, o Concello de Lugo coopera tamén con outras entidades, como a Fundación Feafes. Unha relación a través da cal a Institución local posibilitou a inserción laboral de máis de 80 persoas con enfermidades mentais nos últimos anos

A XXIII concentración nacional de Seat 600 en Lugo será o 24

O vindeiro 24 de setembro, organizárase unha concentración nacional de coches Seat 600 en Lugo, na que será a súa XXIII edición.

A xornada terá lugar ás 10.00 horas cunha recepción, entrega de dorsais e lembranzas, seguido dun almorzo na praza de Santa María.

A saída será ás 12.00 horas e, unha hora despois, haberá unha visita a Muvicla, o museo do motor sarriao. Como remate, ás 14.30 horas, haberá unha comida nunha carpa instalada na área recreativa e unha entrega de recordos aos clubs.



SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
 Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

Impulsan a contratación do alumnado dos obradoiros con axudas

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, animou ao tecido produtivo lucense a solicitar as axudas de 1.500 euros para a contratación do alumnado do obradoiro Lugo Sostible 5.0, que se está a impartir de forma presencial nas dependencias municipais do CEI Nodus.

“O obxectivo destes incentivos é facilitar a inserción laboral das persoas que se están a formar no ámbito das TICs, o marketing e a comunicación”, explicou a rexedora.

O obradoiro, que chegará ao seu remate logo de 12 meses a finais de setembro, está organizado pola área de Dinamización Económica e, durante o seu desenvolvemento as e os participantes están a recibir o salario mínimo interprofesional. Deste xeito, Méndez apuntou que “coa posta en marcha destas iniciativas, non só ofrecemos unha formación remunerada, senón que agora tamén queremos favorecer o seu acceso ao mercado laboral, contribuíndo a xerar novos postos de traballo no municipio”.

“Promovemos así, dende o Concello, unha formación con futuro, que teña saída laboral, e o facemos, ademais, dun xeito que resulta triplemente atractivo para a poboación, en tanto lles permite ter uns ingresos mensuais mentres adquiren coñecementos en áreas cun importante nicho de mercado, ao tempo que promovemos a súa contratación posterior”, explicou.

No obradoiro están matriculados 15 alumnos, de entre 26 e 69 anos.



Conta con tres especialidades formativas: Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxías web (5 alumnos); Desenvolvemento de produtos audiovisuais multimedia interactivos (6 alumnos); e Xestión de marketing e relacións públicas (4 alumnos). As accións propostas contemplan a obtención do certificado de profesionalidade de Nivel 3.

“Poderán ser entidades beneficiarias destes incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, cuxa actividade estea directamente relacionada coa formación impartida no Obradoiro de Emprego”, afirmou o edil. Os contratos temporais incentivaránse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

O Concello eleva ata os 1.088 euros o gasto medio por habitante

O Concello de Lugo incrementou en 2022 o gasto medio por habitante en máis dun 13% con relación ao exercicio anterior, pasando dos 962'64 € aos 1.088'18 euros.

Un esforzo co que o Executivo de Lara Méndez pretendeu impulsar a recuperación económica do municipio logo da crise sanitaria e da social que lle sucedeu tanto á pandemia como á suba da inflación que propiciou o conflito en Ucraína.

“Unha suba que representa o compromiso do Goberno local por garantir non só a prestación dos servizos públicos xa existentes, incidindo sobre a calidade dos mesmos, senón tamén por crear outros novos en apoio aos colectivos máis vulnerables e por avanzar na transformación da cidade coa súa humanización urbanística baixo criterios de perspectiva de xénero, inclusión e sustentabilidade”, afirmou o concelleiro de Economía e Recursos Humanos, Pablo Permuy, en alusión a proxectos como a rexeneración do Carme, o Centro Histórico ou a melloras de diferentes parques da cidade que se licitaron nese período “cos que pretendemos mellorar a calidade de vida da veciñanza”.

Así, o edil destacou que a Institución municipal abonou o pasado ano a cantidade de 105.067.647 euros, relativa ás obrigas que o Concello de Lugo contraeu durante o exercicio.

Un concepto que aglutina o pago aos provedores pero, tamén, ás persoas beneficiarias das diferentes axudas e subvencións municipais que se convocaron, “entre outras moitas partidas coas que



o Concello exerceu de motor económico e de axuda para o tecido asociativo e produtivo do termo municipal”, sostivo Pablo Permuy. Así, a área de Tesourería tramitou e liquidou durante o 2022 o 85'14% dos gastos asumidos pola Administración local, tal e como reflicte a Conta Xeral dentro dos indicadores que avalan a suficiencia económica da Institución, “unha porcentaxe na que se inclúen os 52.053.403 euros en facturas que se abonaron ás empresas e autónomos que nos subministran obras e servizos”, puntualizou o titular de economía. O responsable de área quixo destacar, igualmente, a redución durante o pasado ano do Período Medio de Pago aos provedores (PMP), que diminuíu até os 6'38 días, moi por debaixo do prazo legal establecido (30 días).

Xa en canto a recadación, Permuy Villanueva explicou que o 2022 arroxou un saldo de 101.074.090 € de euros en dereitos recoñecidos, dos que forman parte tanto os impostos directos e indirectos, como as taxas e prezos públicos, as trans-

ferencias correntes e de capital ou os ingresos patrimoniais. E debullou algunhas das cifras máis significativas do epígrafe impositivo.

“Coma sempre, algúns dos tributos máis cuantiosos para as arcas municipais foron o IBI (21.977.784 €) ou a cota pola recollida domiciliar de lixo (6.762.913 €) que supoñen o 22'20% e o 6'83%, respectivamente, da cantidade total que obtivo a Administración nesa anualidade” e apuntou, asemade, a máis simbólica: os 183 euros que se xiran pola venda de publicacións.

Pablo Permuy fixo fincapé, así mesmo, en que o Concello segue a manter a débeda cero que se alcanzou en 2017 e referiu tamén outros indicadores positivos como o da solvencia a curto prazo (243'97%) ou o da liquidez inmediata (77'70%).

Xa para concluír, o edil indicou que o patrimonio neto da Administración local se incrementou nese exercicio en máis de 700.000 € situándose neste momento nos 423.936.198 euros.

HERBÓN
DES GUACES

Rúa da Industria, 38. Pol. Ind. O Ceao - Lugo / Tel.: 982 207 018
herbondesguaces@gmail.com / www.desguacesherbon.com

INSTALACIONES ESPECIALIZADAS EN TODOTERRENO Y FURGONETAS
Rúa da Industria, Pol. Ind. O Ceao / 982 209 222 - 982 207 018

Polígono As Gándaras, Rúa Fontán Rodríguez,
Calle F - Parcela H4, Lugo / Tel.: 982 147 951

MUEBLERIAS

A túa vida ben amoblada

villamor
MUEBLES

Tfno: 982 20 08 80
www.mueblesvillamor.es
cnc. N-v1 (modif. e coruña) en S09.4 - Lugo

cocina - baño - decoración

“Abre na rúa Dinán de Lugo a clínica veterinaria Portovet”

María Barbosa da Silva é unha das responsable deste centro, que está especializado en medicina felina e dermatoloxía, odontoloxía e nutrición animal

Como son os inicios de Portovet?

A clínica veterinaria Portovet leva aberta desde o 1 de xuño deste ano. Temos tamén unha clínica en Taboada funcionando desde hai 7 anos e decidimos dar o paso á cidade para buscar un camiño máis de especialización no ámbito da odontoloxía e a dermatoloxía tanto canina como felina, na que levamos traballando 15 anos. En Lugo estamos situadas na rúa Dinán número 1-3.

Que servizos ofrecen?

Ofrecemos todo o que ten unha clínica veterinaria: consultas, laboratorio, RX, ecografía, calquera tipo de cirurxía, hospitalización, etc. Pero ademais contamos coas especialidades de dermatoloxía, odontoloxía, nutrición e medicina felina. Eu son especialista en odontoloxía e dermatoloxía tanto canina como felina e Ana ten unha especialidade en medicina felina. Nos felinos é moi importante o coidado, son animais que non se queixan tanto, ocultan moito as súas emocións e por iso en oca-

sións é importante estar pendentes dos pequenos cambios que se poidan dar neles, como xogar menos, pupilas non dilatadas ou cambios de humor.

Cada canto é bo facer unha revisión?

Unha vez ao ano mínimo é moi importante que as nosas mascotas vaian ao veterinario, aínda que non teñan ningún síntoma. Hai elementos que son moi prexudiciais para eles, como o tabaco, que pode dar problemas de pel nos gatos, por iso son vitais as revisións periódicas antes de que os nosos animais mostren síntomas.

Que traballo realizan en canto a nutrición animal?

Nós traballamos con calquera tipo de alimentación, queremos fomentar máis o produto natural a longo prazo, pero actualmente tamén traballamos con pensos. Dentro dos pensos, principalmente co que traballamos é con pensos específicos para diferentes problemas de saúde como poden ser os renais ou de fígado

ou tamén o sobrepeso. Buscamos unha alimentación que acompañe e axude a mellorar as patoloxías destes animais. Ademais dos pensos, desde Portovet traballamos con alimentación natural, unha alimentación húmida que vén en sobres e é totalmente natural. Este tipo de alimentación favorece a dixestión, alonga a vida da túa mascota e consegue unha maior calidade nos ósos, pel e pelo dos animais. Temos dispoñible tamén un servizo para que todas aquelas persoas que queiran unha alimentación especializada para a súa mascota poidan facelo, independentemente de que sexan animais con ou sen patoloxías.

Que é o máis demandado polos clientes?

Agora mesmo estamos máis enfocados en odontoloxía e dermatoloxía, somos o único centro en Lugo que conta cunha odontóloga animal, e son estes servizos os que máis nos solicitan os nosos clientes. O noso obxectivo a longo prazo é traballar só con felinos.




Cales son os principais problemas de dentes que sofren as nosas mascotas e como podemos previlos?

Os principais problemas son o sarro ou a xenxivite, bastante similar ás persoas. Para previr este tipo de problemas nos animais é importante facer limpeza tanto de carácter anual no veterinario como semanal na casa. Na casa estas limpeza podémolas facer de varias formas, cunhas toallíñas especiais, con pasta de dentes ou con flúor. Tamén é fundamental coidar a alimentación e todo o que comen. Moitas veces morden pedras ou algún tipos de pelota, como as de tenis, que afectan á súa saúde bucodental.

Que é o que máis valoran os clientes?

A atención sen dúbida. Dar unha



boa atención tanto ás persoas como aos animais é a parte que os clientes máis valoran e o que determinan que se sentan a gusto e coidados.

ABIERTO PLAZO DE MATRICULA | **CURSO 23/24**

HEIKO

ESCUELA MUSICAL-CREATIVA
MÚSICA PARA PEQUEÑOS Y MAYORES

MÉTODO MUSICAEDUCA:
APRENDER DIVIRTIÉNDOSE

Único centro autorizado en Lugo

- Estimulación musical temprana de 10 meses a 4 años.
- Iniciación musical de 5 a 8 años (grupos de violín, piano, guitarra y percusión).
- Formación musical desde 9 a 100 años con metodologías activas e innovadoras en clases individuales y colectivas.
- Batería, canto, piano, violín, violonchelo, guitarra, bajo, gaita, pandereta...

Clases de refuerzo y preparación para las pruebas de acceso al conservatorio.

¡PREGÚNTANOS SIN COMPROMISO!!!

DESDE LOS 10 MESES HASTA LOS 100 AÑOS

Música - Baile - Batucada - Robótica - Teatro y... ¡mucho más!!!

Infórmate de días y horarios en nuestras redes sociales

heiko@musicaeduca.es

+info 687 582 559

Augas Férreas, Estrada da Granxa, 27-29 bajo

@heikolugo

@heikolugo

A fibra óptica chega a Cima de Vila con Adamo



Despregar fibra óptica non sempre é unha tarefa sinxela. De feito, resulta habitual que xurdan dificultades técnicas, obstáculos no terreo e ata problemas administrativos. En circunstancias así, as empresas que despregan a infraestrutura ven recortado a súa marxe de manobra e os principais afectados, por suposto, son os cidadáns que carecen desa tecnoloxía e están a desexar gozar dela. Era o caso de Cima de Vila, aldea pertencente a Pedreda, no ámbito rural do concello.

Pois ben, o momento de que a conexión a Internet de alta velo-

cidade se active nesta pequena entidade de poboación chegou. Desta maneira, Cima de Vila xa ten dispoñible esa tecnoloxía da man de Adamo. Tras as activacións nos primeiros fogares esta mesma semana, a previsión da compañía é completar o proceso de cableado en outubro.

David Llano, responsable de Adamo en Galicia, comprometeuse expresamente coa asociación de veciños a mediados de xullo a que a fibra óptica fose unha realidade en Cima de Vila e así foi, así é, tal e como pode comprobarse hoxe.

Lugo en Pé reclama á Xunta colaboración para o saneamento

A plataforma Lugo en Pé ... en Defensa do Rural, impulsada por colectivos veciñais, empresariais e sociais relacionados co Mundo Rural, queren facer pública a súa posición ou postura en contra ao Saneamento Rural no Concello de Lugo, así como tamén a súa posición respecto ao canon da auga, que obrigatoriamente pagan os lucenses no recibo da auga.

Dentro do recibo da auga todos os lucenses abonan o chamado canon da auga. Nos últimos anos, os lucenses achegaron arredor de catorce millóns de euros en concepto de canon da auga. Deste diñeiro que ingresa o Concello e transfírelle á Xunta de Galicia, destinado a temas de Saneamento non se investiu nin un só euro por parte da Xunta de Galicia en ningunha das 54 parroquias do Concello de Lugo.

“Os lucenses que vivimos no Concello de Lugo gustaríanos saber a que se destinaron estes catorce millóns que saíron dos nosos petos (en concepto de canon da auga) e dos cales insistimos non retornou nin un só euro en obra de Saneamento (por certo, moi necesarias) ao Concello de Lugo, por parte da Xunta de Galicia”, dixo.

“O noso posicionamento é moi claro. Pedímoslle á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia que non nos discrimine máis e que todo o achegado polos lucenses que vivimos no Concello de Lugo, en concepto de Canon da auga, sexa destinado a obras de Saneamento no propio Concello de Lugo”, din.

Sobre os saneamentos indican que xa saben que é unha competencia municipal, pero dado os elevados custos que supón sanear 54 parro-



quias cunha poboación dispersa, os custos para levar as obras de saneamento son moi elevados e requiren a implicación non só do Concello de Lugo senón da Xunta de Galicia.

“Como exemplo lembraremos que houbo épocas onde se aplicou ao saneamento o chamado 70-30 (70% achega da Xunta de Galicia e 30% achega do Concello de Lugo) para efectuar as obras de Saneamento no Concello de Lugo”, explican.

Afirmar que nos últimos anos o Concello de Lugo presentou 5 proxectos de saneamento de 5 parroquias luguesas á Xunta de Galicia e esta “non se dignou a colaborar con ningún destes proxectos, cando como sinalamos anteriormente, levan recadados catorce millóns de euros en concepto de canon da auga”.

Lembran que na actualidade está a elaboración do proxecto de saneamento para a parroquia de Esperante. “Un proxecto de vital importancia porque podería dar servizo de saneamento á área industrial do polígono da Louzaneta, ao hospital de Calde, á parroquia de Esperante e ás da súa contorna. Recentemente, vimos nos medios de comunicación que a alcaldesa de Lugo presentou

ao presidente da Xunta a petición de colaboración económica á Xunta de Galicia para acometer este proxecto, de vital importancia. Pedimos á Concelleira de Medio Ambiente que se manifeste publicamente contorna á colaboración con este proxecto”.

Avanzan que nas recentes eleccións municipais, os medios de comunicación trasladaron á opinión pública en reiteradas ocasións, que a candidatura do Partido Popular (PP) ao Concello de Lugo mostraban como unha das súas maiores preocupacións o saneamentorural das parroquias. “Agora en Grupo Municipal do PP no Concello de Lugo ten a gran oportunidade de conseguir que os seus colegas da Xunta de Galicia que dispoñan das partidas económicas para solucionar o problema do saneamento rural do Concello de Lugo.

Augas de Galicia contesta que investiu cen millóns en actuacións

A Xunta de Galicia contestou ás asociacións veciñais lucenses que os investimentos realizados por Augas de Galicia en Lugo son moi superiores á recadación do canon. De feito, explica que se hai un concello da provincia beneficiado polo efecto do canon da auga ese é precisamente o de Lugo. “Só neste concello o canon da auga permitiu mobilizar máis de 100 millóns de euros en actuacións tan relevantes e necesarias como a ampliación da Estación Depuradora de Augas Residuais de Lugo, os colectores do río Miño, o acondicionamento da marxe dereita do río Miño, ou as Melloras do saneamento na zona da Piringalla, entre outras actuacións”.

Con respecto ao desenvolvemento do proxecto de augas residuais na N-540 en Esperante, “o Goberno Galego pediu o pasado mes de marzo ao Concello de Lugo que mellorara o documento técnico presentado, a desde entón estamos pendentes de recibir a nova versión”.



Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado







SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL





C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com





Pilates en grupos reducidos • Pilates preparto • Pilates postparto
Abdominales hipopresivos • Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

A MAXIA DAS PARROQUIAS

San Martiño de Poutomillos

A espadana é o elemento máis destacado da igrexa polo seu gran tamaño en comparación coa nave

A parroquia de San Martiño de Poutomillos está situada ao sudoeste da cidade de Lugo a unha distancia de 10 quilómetros e moi preto das parroquias do Burgo e de Bacurín. Esta parroquia aparece xa citada en documentación datada do ano 1129 onde se nomea como Sancti Martini de Puctimilios o que dá conta da antigüidade de San Martín como patrón da mesma.

Na actualidade esta parroquia esta formada por catro núcleos de poboación O Carballo, Recimil, A Uceira e Vilar. En total, estas unidade poboacionais suman 27 habitantes dos cales doce son homes e quince mulleres. O núcleo que alberga máis poboación é O Carballo con dez mentres que A Uceira conta con só tres habitantes e é o menos poboado.

O principal reclamo de San Martiño de Poutomillos é a súa igrexa parroquial, unha construción sinxela de estilo barroco rural que foi reformada durante o século XX. Esta igrexa conta cunha soa nave rectangular con cuberta de lousa a dúas augas. A espadana é o elemento máis destacado desta construción xa que posúe un gran tamaño en comparación coa nave, e que conta con dous arcos de medio punto na parte infe-

rior rematados con catro pináculos e unha cruz no centro situada tamén sobre un arco de medio punto. Unha porta única na fachada principal, alintelada, dá acceso a un interior con cuberta e coro de madeira e un arco de descarga de medio punto sobre pilastras. O altar maior conta cunha cuberta a catro augas e un arco triunfal de medio punto, tamén sobre pilastras con imposta moldurada. A sacristía atópase pegada ao lado esquerdo deste altar maior.

No interior da igrexa parroquial de San Martiño de Poutomillos atópanse varios retablos. De máis de tres metros de ancho o retablo maior é de estilo neoclásico, con catro columnas compostas, no que se poden apreciar as figuras de San Martín, do século XVII, do neno Xesús no século XIX e de San Sebastián unha escultura pintada en 1975 segundo consta na peaña pero que pode datar do século XVI. O retablo de lateral esquerdo é da segunda metade do século XVII e actualmente non se atopa en bo estado de conservación. De metro e medio de ancho conta cun relevo das ánimas do purgatorio. O retablo do lateral dereito está datado da última década do século XVII e unha



inscrición nel di "Hesta obra se izo a costa de la fabrica siendo cura el licenciado Div° Teixeira. Año de 1699". Tamén bastante deteriorado ten un metro e medio de ancho e unha imaxe de San Antonio datada do século XVIII.

A parroquia de San Martiño de Poutomillos garda outras construcións de interese como o pazo de Recimil. Esta vivenda xa foi documentada no ano 1229 como unha casa fidalga con perpiaños de granito e que foi utilizada como residencia de verán polo bispo de Lugo Cayetano Gil Taboada. Dentro dos elementos protexidos tamén podemos atopar a cruz de San Antonio, en bo estado de conservación dun metro vinte de tamaño e que está vinculada coa existencia dunha capela adicada a San Antonio hoxe xa desaparecida.



O PP pide redutores de velocidade nunha vía de Pena da Mula

O vicevicerio do Grupo Popular Enrique Rozas solicitou que se coloquen redutores de velocidade nunha vía de Pena da Mula. Considera que a instalación deste elemento mellorará a seguridade vial da zona dando resposta a unha demanda veciñal. Acompañado polo edil Gustavo Díaz, visitou a zona e coñeceron de primeira man a situación da vía. A veciñanza explicoulles os vehículos ao ser unha zona con pendente circulan a altas velocidades indicando que como non hai beirarrúas hai un risco importante para os residentes con situacións de risco que se minimizarían colocando os redutores.

FLORISTERÍA ROSE FLOR

Vuelta de vacaciones con flores

FLORES Y PLANTAS A DOMICILIO

San Roque, 173 Bajo - Lugo
982 223 504
680 453 401
ros3-flor@hotmail.com

**DECORACIÓN
REFORMAS
PINTURA
MONTAJE DE MUEBLES**

LITO'S

602417542

colaborador
IKEA

Alvarellos culpa á Xunta de non ter a praia fluvial e o PP a Lara Méndez



Lugo rematou outro verán sen habilitar a zona de baño fluvial “polos continuos impedimentos da Xunta”, explicou a tenente de alcaldesa, Paula Alvarellos.

Durante o seu balance, a voceira afeou ao Goberno autonómico o seu persistente boicot a esta instalación gratuita que permitiría a veciñanza contar cunha alternativa segura para combater as altas temperaturas no Miño durante as vagas de calor. “Dispor dunha instalación que cumpra con esta demanda social é unha prioridade deste Goberno, pero a pesar da vontade política e o investimento dedicado a este fin, atopámonos por segundo ano consecutivo coa oposición frontal da Xunta a facer uso da concesión que temos autorizada no río nun claro intento do Goberno autonómico de torpedear a xestión municipal”, afirmou a edil.

“É lamentable, que o Partido Popular utilice as institucións ao seu antollo co único obxectivo de intentar tapar a transformación como urbe

que experimenta Lugo e coa que pretendemos adaptarnos as consecuencias do cambio climático. A marxinação neste asunto por parte da Xunta repercute de forma negativa na calidade de vida de case 100.000 persoas ás que se lle está a limitar a súa calidade de vida e ás que se lle impide gozar de forma segura e cómoda dun dos principais patrimonios naturais dos que dispoñen os lucenses como é o río Miño”, concluíu Alvarellos.

PARTIDO POPULAR. O PP pola súa banda afirma que Lugo non ten praia “porque Lara Méndez desistiu dela”. O Partido Popular pide ao bipartito que se deixe de manipular e de faltar á verdade lamentando o oportunismo das declaracións do goberno local con respecto á praia fluvial no Miño indicando que “con este tipo de saídas se confirma que o novo goberno non mudou de estratexia e que, en vez de traballar, utiliza o ataque e a confrontación como folla de ruta para ocultar a súa falta de traballo”.

Rematan as expropiacións do desdobre de Infanta Elena

A área de Sostibilidade Urbana que dirixe Paula Alvarellos dispón xa dos proxectos de expropiación e urbanización que permitirán desdobrar a II Fase da Avenida Infanta Elena.

Así o anunciaba a alcaldesa. “Avanzamos así no compromiso dado hai tan só uns meses, da man da Deputación, de concluír a humanización e acondicionamento dunha das principais vías de acceso da capital. Unha intervención que completará o primeiro treito xa executado e posto a disposición da veciñanza que, sen dúbida, supuxo un antes e un despois para a mobilidade no municipio”, sinalou a rexedora.

Méndez explicou que “a ocupación que precisa esta actuación afectará en total a 8.206’28 m² nos que se concentran un total de 36 parcelas. Delas, 29 – cunha extensión de 5.301’02 m² – só se utilizarán de xeito temporal o que terá un custo de 44.208’43 €. Estes terreos pertencen a 17 propietarios e se suman a 7 predios máis, doutros tantos titulares (7) que abranguen 2.905’26 m² de superficie e cuxo valor ascende 103.163’90 €, elevando o importe do proxecto no seu conxunto aos 147.372’33 €”.

Os textos se someterán a exposición



pública polo prazo dun mes trala súa validación este próximo mércores, cando tamén se acordará formalizar unha encomenda ao entre provincial para que proceda a realizar as xestións vinculadas á tramitación das devanditas expropiacións “co fin de aceleralas o máximo posible”.

“Todo o procedemento estase a desenvolver de xeito simultáneo á licitación das obras iniciada pola Deputación para acompañar os tempos de tramitación e axilizar o inicio dos traballos”, salientou Lara Méndez. “Esta é a mellor mostra do tipo de colaboración interadministrativa que resulta útil para a veciñanza e para a cidade e que nos merecemos todas

e todos os lucenses. Aquela que camiña acompañada, que se basea no entendemento pero, sobre todo, a que se materializa con responsabilidade e centrada en procurar o interese xeral e non supeditando este a outro tipo de réditos”, sostivo a alcaldesa.

A continuidade do desdoblamento de Duquesa de Lugo, no que se investirán preto de 1’5 millóns de euros, suporá, ao igual que na anterior fase, a ampliación da calzada de xeito que non só reverte na seguridade do tráfico rodado e peonil senón que tamén servirá para seguir gañando espazos para o espaxamento público.

O Partido Popular pide mellorar a seguridade na zona da residencia das Gándaras



O vicevoceiro e responsable da área de Seguridade, Participación e Deportes do Partido Popular Enrique Rozas denuncia “o perigo que supón para o tráfico rodado e para os peóns o cruzamento que existe xusto enfronte da residencia de maiores” xa que “existen pasos de peóns que acaban en noiros e outros que non teñen continuidade en beirarrúas”.

Dende o PP sinalan que “é urxente dotar de beirarrúas a zona”, sinala o vicevoceiro, “para garantir a se-

guridade tanto dos veciños como de usuarios e traballadores que entran e saen do centro e as visitas que teñen que chegar á porta pola calzada”.

Por estas razóns os populares solicitan tamén ao Concello que “estudie a posibilidade de colocar unha pequena glorieta no cruzamento situado fronte á residencia para regular o gran volume de vehículos que circulan pola zona, xa que é un dos traxectos máis empregados para ir ao Hula”

Abre a convocatoria para o alugueiro ventaxoso de locais comerciais na Tinería

A Xunta de Goberno Local aprobou as bases dunha nova convocatoria para o alugueiro de seis locais comerciais de titularidade pública no barrio da Tinería. Deste xeito, a rexedora revalida o seu compromiso coa rexeneración económica e social desta zona do Casco Histórico, apostando pola continuidade do viveiro empresarial posto en marcha polo Concello no ano 2018.

O Concello asinou un acordo co Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) que contempla o arrendamento de sete locais de titularidade autonómica, un dos cales, situado na rúa Tinería 36, será empregado polo propio Concello para realizar actividades de dinamización, mentres que os outros seis locais poranse a disposición dos/as emprendedores/as da cidade.

Así mesmo, o Concello reducirá os alugueiros nun 70% sobre o prezo estipulado, de xeito que a renda a satisfacer polos arrendatarios destes locais será o 30% do importe total que o Concello pagará a Xunta.

¿Conoces realmente tu piel? Nuevo paradigma en el cuidado de la piel ¡Diagnóstico y tratamiento personalizado y gratuito!



Es importante conocer cómo funciona la piel para poder darle el cuidado que necesita. La piel es el mayor órgano de defensa de nuestro organismo, sin embargo, desconocemos cómo funciona, que necesita y cómo podemos potenciarla, si realmente quieres aprender a cuidar tu piel y deseas conocer las herramientas adecuadas... participa en nuestros talleres y tu piel te lo agradecerá. Encuentra soluciones reales y eficaces trabajando desde la causa y no desde el síntoma, contribuyendo a que la fisiología de la piel haga su papel, concéla y actúa con responsabilidad, respeto y conocimiento.

- ¿Te has preguntado por qué más del 90% de la población sufre de alguna alteración en la piel?
- ¿Conoces el pH de tu piel?
- Piel grasa, seca o mixta... ¿son síntomas o causas?

¡TE ESPERAMOS EN VERXEL! Solicita tu diagnóstico y tratamiento gratuito e insíbete en los diferentes talleres y Master Class que hemos preparado para ti y tu piel.



Montero Ríos, 41 27002 - Lugo. Tel.: 982 251 827 josemanuel@verxel.es www.verxel.es

Adif clausura o paso a nivel de Recimil antes da súa supresión

Adif propuxo a clausura do paso a nivel do punto quilométrico 424/010, na liña ferroviaria León-A Coruña, ao seu paso polo núcleo de Recimil, ata a súa supresión definitiva.

Mentres tanto, para darlle servizo ao tránsito de vehículos, executaríase un camiño que -con carácter provisional- conectaría de maneira paralela co paso inferior situado a 300 metros, máis ao norte.

En paralelo, a compañía segue traballando na licitación da supresión definitiva do paso a nivel, que prevé licitar no mes de decembro deste ano, co fin de concluír as obras en xuño de 2025.

Este proxecto contempla unha solución sen restricións futuras para o tráfico, en base á construción dun novo paso inferior, lixeiramente cara ao sur (pk 423/960), de altura libre de 5 m, así como a realización de camiños de ligazón co viario actual e outros de acceso ao novo paso, garantindo a mobilidade e permeabilidade da zona. A actuación forma parte do plan de supresión de catorce pasos a nivel no municipio de Lugo: oito deles xa se atopan en execución e seis -entre eles o situado no pk 424/010- xa contan co proxecto aprobado e licítanse antes de que finalice o ano.

PROVISIONAL. O peche anticipado do paso a nivel 424/010 levaría aparelhada a construción por parte de Adif dun camiño provisional paralelo á vía, pola súa marxe dereita, que conectaría o paso a nivel 424/010 cun inferior a 300 m ao norte. A solución requiriría a disposición de terreos, de titularidade privada, nuns 100 m. Estíma-



se que a realización deste camiño provisional podería concluír nuns tres meses unha vez que teña a dispoñibilidade do chan

A proposta exposta preséntase como alternativa a outra que estudaba a compañía: o peche anticipado do paso a nivel 424/010 co desvío do tráfico rodado por itinerarios alternativos durante 20 meses; asumindo melloras puntuais nos camiños de ligazón.

Como consecuencia dos danos ocasionados polo incidente do 12 de xullo, foi necesario resti-

tuír o firme do paso a nivel coas súas pezas de caucho (tipo strail) e adecuar as ramplas de acceso ao seu estado inicial. Así mesmo, enmarcadas no plan de mellora dos pasos a nivel do proxecto de renovación integral da liña Monforte-Lugo, substituíuse o entarimado de madeira por superficie strail -unha actuación realizada antes do incidente-; e botouse formigón nas ramplas de acceso o 2 de agosto, como estaba previsto na planificación de obra, previa ao incidente.

Cesión dos terreos do Concello

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, e os propietarios de tres parcelas en Recimil asinaron o acordo de cesión dos terreos necesarios para a supresión dun paso a nivel nesta localidade. Deste xeito, o Goberno local asume temporalmente a titularidade das propiedades, que serán postas de inmediato a disposición de Adif para que o organismo estatal poida iniciar os traballos de mellora da seguridade na zona. A firma desta cesión temporal foi a fórmula administrativa elixida para acurtar ao

máximo os prazos legais e poder así iniciar a construción dun camiño paralelo á vía que conectará cun paso inferior situado a 300 metros, tal e como se acordou no encontro mantido a tres bandas entre o Concello, os técnicos do Ministerio de Transportes e os representantes veciñais o pasado 21 de agosto.

A rexedora agradeceu a boa predisposición dos propietarios e a colaboración das e dos veciños da parroquia, grazas aos cales o acordo viu a luz no breve prazo dunha semana.

Infraestruturas fará un traballo de mantemento na Ponte Romana



A Concellería de Infraestruturas realizará traballos de mantemento na Ponte Romana de Lugo, así a concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, informou sobre a concesión das obras de consolidación que “garantirán a integridade da estrutura logo dos danos producidos nos seus tallamares”, indicou.

A concelleira explicou que as obras de consolidación de ditos tallamares da Ponte Vella sobre o río Miño, “consisten inicialmente en repoñer os sillares perdidos durante o último inverno para evitar o seu colapso e os posibles danos que as crecidas puideran producir nas pilas”. Maite Ferreiro insistiu na “necesidade de que estes traballos se executen antes da finalización do período de estiaxe do río e do comezo do novo ano hidrolóxico en outubro”.

De non procederse á súa inmediata reparación, explicou Maite Ferreiro, “podería verse comprometida a estabilidade das pilas ante as eventuais futuras crecidas do río e impactos de arrastres, poñendo en grave risco a integridade da estrutura”. A concelleira lembrou tamén

a importancia histórica da infraestrutura, “dotada de protección integral que forma parte do Camiño de Santiago, Ben de Interese Cultural, e que se atopa encravado dentro dunha zona Red Natura 2000, en concreto na Zona de Especial Protección dos valores Naturais (ZEPVN) Parga-Ladra-Támoga”.

A ponte xa sufrira danos hai un tempo, feito polo que o Concello de Lugo xa interviña a raíz das intensas chuvias rexistradas nos meses de inverno e que implicaron a caída e o arrastre de árbores ao longo da ribeira do río. A finais de xullo, explicou Maite Ferreiro, aproveitando o baixo nivel das augas habitual de esta época del año, a Concellería de Medio Ambiente retirou os troncos que permanecían encaixados para “posteriormente proceder a avaliar os danos que afectaron a tres tallamares nos que faltan varios sillares de pedra, quedando expostos á acción da auga”, especificou.

A Concellería de Infraestruturas será a responsable da súa reparación nunha obra que terá unha duración prevista dun mes e cun orzamento estimado de 76.070,57, informou Maite Ferreiro.

estudios **DIGALICIA** Formación Digital

WWW.DIGALICIA.ES

672 06 33 31

PROGRAMA DE FORMACIÓN EN TRANSFORMACIÓN DIGITAL

PARA:
DIRECTIVOS Y RESPONSABLES DE DEPARTAMENTO
AGENTES DEL CAMBIO (TRABAJADORES Y OCUPADOS)

EXCLUSIVO GRATUITO PRÁCTICO

estudios **DIGALICIA** Formación Digital

DIRECTIVOS TRANSFORMACIÓN DIGITAL

PROGRAMA GRATUITO
DIRECTIVOS Y RESPONSABLES DE DPTO. DE UNA PYME DE ENTRE 10 Y 249 EMPLEADOS

LAS PRIMERAS EMPRESAS INSCRITAS POR UN EXPERTO EN DIGITALIZACIÓN, EN LA PROPIA EMPRESA

MÁS INFORMACIÓN:
672 06 33 31
DIRECTIVOS@DIGALICIA.ES

Finalizado o asfalto da avenida das Américas



O tenente Alcalde, Rubén Arroxó, visitou a avenida das Américas, onde ven de rematar a renovación do asfalto no seu treito final. O tenente alcalde afirmou que esta actuación da continuidade ao traballo realizado no pasado ano. “Comezamos coa renovación da parte final da rúa, o que comunica coa N-540, e con esta nova intervención cumprimos co obxectivo de renovar esta rúa por completo, garantindo o bo estado das vías de Lugo”.

O Goberno de Lugo está a intervir no treito da avenida das Américas

que vai dende a rúa Pomar ata a Fonte dos Ranchos, garantindo o bo estado dunha das rúas de Lugo que máis tráfico acollen, ao tratarse dunha das principais vías de entrada á cidade, cun investimento de 84.322€.

Dende o Concello contempláronse cambios nos tránsitos usuais do tráfico, incluíndo a incidencia e cambios nas liñas e paradas de autobuses urbanos afectadas, tratando de reducir ao máximo as molestias á veciñanza para permitir que os traballos se realicen con seguridade e no menor tempo posible.

A Deputación renova a ruta do Río Rato e do Paseo da Chanca

A Deputación de Lugo traballa na posta a punto da ruta do Río Rato e do Paseo da Chanca, nun tramo total de 4,5 quilómetros, que comprende ata a rotonda do Sagrado Corazón. Os traballos, xa iniciados, consisten no acondicionamento e na sinalización deste espazo verde e de lecer.

Esta actuación inclúe diferentes traballos destinados á conservación dos diferentes elementos presentes da ruta, como a limpeza dos bancos e a posterior aplicación dun produto protector da madeira; a substitución das papeleiras danadas por outras novas de madeira tratada; ou a limpeza e reparación dos paneis informativos.

Está prevista tamén a instalación de fitos quilométricos cada 500 metros na marxe dos camiños. Uns elementos que serán tamén de madeira tratada, serigrafada e dunhas dimensións de 20 por 10 centímetros e un metro de altura. Actuarase finalmente na sinalización horizontal dos pasos de peóns, nos cruzamentos do itinerario peonil co carril bici, con marcas



reflexivas brancas.

Agrotecnia é a empresa encargada dos traballos, que contan cun orzamento de preto de 17.000€ e cun prazo de execución de un mes.

Esta iniciativa súmase ás diferentes accións que a institución provincial levou a cabo para a posta en valor de este espazo público, de lecer e deportivo tan importante para a veciñanza de Lugo e situado en plena Reserva da Biosfera Terras do Miño. En concreto, a Deputación investiu este ano 150.000€ na mellora da estrada provincial do

Rato, a LU-P-2925, no tramo que vai desde o inicio ata o punto quilométrico 3,079, que se suman aos 500.000€ para a creación de 2,5 quilómetros de carril bici.

Ademais, coa colaboración do Concello, a Deputación dotou tamén ao paseo e á estrada dun sistema de iluminación grazas a un investimento conxunto de 750.000€. Unha actuación que consistiu na instalación de 283 puntos LED entre a Avenida de Madrid e o parque do Sagrado Corazón.

Adxudican a obra do aparcadoiro disuasorio na avenida de Breogán

A Xunta vén de adxudicar por máis de 1 un millón de euros as obras dun aparcadoiro disuasorio para o fomento do vehículo compartido, asociado á implantación de zonas de baixas emisións, na avenida de Breogán, no concello de Lugo.

A intervención, adxudicada á empresa Grupo Bascuas 2008 SL, consta dun prazo de execución de 10 meses.

Este novo aparcadoiro situarase na parcela anexa á citada avenida, estratéxica pola súa situación entre as estradas nacionais N-VI e N-540, ademais de pola súa proximidade ao novo polo de atracción que vai ser o Barrio da Residencia.

O estacionamento distribuirase nunha superficie de 5.700 m² que ofrecerá 148 prazas, das cales 4 estarán reservadas para vehículos adaptados á persoas con mobilidade reducida. En concreto, o novo aparcadoiro disporá dun dobre acceso: un ao norte, a través da rúa Barrio Casas, que busca dar servizo aos tráxicos que teñen como orixe ou destino o interior da cidade de Lugo e máis concretamente o norte e leste; e outro acceso polo sur, con entrada e saída pola propia avenida de Breogán, pensado como entrada principal e destinado



aos coches que teñen como orixe ou destino o exterior da cidade ou que van empregar o nó viario das estradas nacionais para acceder ás circunvalacións da cidade e ás vías de alta capacidade.

No seu interior, o aparcadoiro terá 3 eixes viarios, todos unidireccionais e con carrís de 6 metros para facilitar as manobras de entrada e saída nas prazas de estacionamento: un eixe principal de 70 metros que vai desde a avenida de Breogán ata a rúa Barrio Casas; un eixe perimetral e un eixe central que os conectará.

Ademais, a actuación permitirá renaturalizar a canle dun regato que discorre parcialmente entubada pola parcela e suporá, tamén, a re-

configuración da rúa Barrio Casas, acadando as condicións axeitadas na sección transversal.

A execución deste aparcadoiro completarase coa instalación de alumeados, videovixilancia, preinstalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos e a incorporación de vexetación e arborado, que dotarán de sombra no aparcadoiro.

Esta actuación forma parte dos proxectos promovidos pola Xunta ao abeiro dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia Next Generation UE no impulso da transformación da mobilidade nas contornas urbanas, apostando por desprazamentos máis limpos e sostibles.

Avanzan os traballos do primeiro Ecoparque



Avanzan os traballos de remodelación integral da céntrica área de xogos na Praza do Campo que proximamente contará co primeiro Ecoparque urbano da cidade.

A escaleiras serán substituídas por rampas, e os cerramentos, tanto deste parque como do recinto infantil próximo, serán moito menos invasivos adoptando unha configuración de murete revestido simulando madeira, que exercerá de banco para favorecer a socialización.

A accesibilidade e a sostibilidade serán as dúas premisas transversais da actuación, xa que todo o mobiliario procede da reciclaxe de plásticos e terá certificado de baixa pegada de carbono, cumprindo así

os obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030.

Todos os xogos e mobiliario da área infantil de Campo Castelo contará cos selos ‘Made Green’: produtos feitos a base de materiais reciclados post-consumo (como residuos recuperados do océano, téxtiles usados, envases alimentarios, etc.) que supoñen unha redución de aproximadamente o 50 % das emisións de carbono en comparación con produtos tradicionais elaborados a partir de fontes virxes. E tamén do selo ‘Born Green’, que obteñen aqueles produtos feitos do propio material de construción da natureza como a madeira, procedente de silvicultura sostible e, por tanto, pouco contaminantes.

As dúas torres do Garañón desaparecen da paisaxe luguesa

A empresa adxudicataria dos traballos de demolición do Garañón practicamente en rematado derrube dos edificios e aínda que queda traballo por facer, as torres xa desapareceron a o parque recupera as súas vistas. Demoléronse un total de 37.796'49 metros cúbicos que equivalen a 14.868 metros cadrados de superficies construídas.

Primeiro elimináronse as fábricas de ladrillo das fachadas á vez que se quitou o illamento da torre nordeste e se eliminou o material que illa as fachadas e os teitos de forxados do bloque noroeste (de dez plantas sobre a rasante da cota máis baixa) para, seguidamente, ir eliminando os pórticos en sentido descendente, de forma progresiva.

Finalmente, a última parte será a de retirada e desentullo de todo o material. A propia parcela se empregará para a provisión dos elementos demolidos.

A alcaldesa visitou a obra acompañada pola responsable da área de Sustentabilidade Urbana, Paula Alvarellos, e avaliaron o avance dos traballos e percorreu a contorna da futura zona verde que albergará esta parcela unha vez rematada a obra. Os traballos van con algo de retraso



debido aos atrancos que tivo a obra por parte do bando, que interpuxo varias demandas de paralización.

PP. Os populares acudiron ás costas do Parque para contrapoñer a forma coa que deron cumprimento ao convenio do Garañón aprobando “con alevosía e nocturnidade o proxecto de equidistribución das Torres fronte a poucas horas de que entrara en vigor unha normativa que impediría ese proxecto, aos retrasos eternos nas tramitacións urbanísticas habituais en Lugo”.

Advertiron que “no proxecto actual non está garantido a restitución ao estado orixinal da parcela” e puntua-

lizan que “o derrubamento do Garañón do PSOE non significa que pase a ser unha zona verde xa que está sen rematar a modificación puntual do PXOM, confirmado no propio pleno de xullo polo goberno, contratada en decembro de 2020”.

Os edis do PP aproveitaron para propor “unha batería de medidas, como por exemplo: de recuperar a atención presencial en urbanismo; transparencia e publicidade dos criterios de interpretación da normativa urbanística e expedir un documento que avale o criterio da primeira consulta técnica sobre un proxecto para evitar cambios de interpretacións, entre outras”.

O PSOE critica o novo retraso na construción da autovía a Santiago

Patricia Otero, vén de denunciar no Parlamento o “cinismo e hipocrísia” políticos do PP e o goberno galego logo de constatar que bloquearon as obras da autovía Santiago – Lugo durante catro meses e medio para acusar ao goberno central dos retrasos durante a campaña electoral.

Otero presentou unha batería de iniciativas parlamentarias logo de facerse público que Augas de Galicia, un organismo dependente da Xunta que regula as concas fluviais, bloqueou dende abril ata o pasado 30 de agosto o permiso para o retanqueo do río Ladrón. Este permiso, solicitado polo goberno central no dito mes de abril, era clave para avanzar nas obras dun viaduto no tramo Arzúa – Melide da A – 54.

A parlamentaria socialista acusa ao PP e ao goberno galegos de empregar o retraso da obra que eles mesmos estaban a provocar como argumento electoral contra a xestión do goberno central. Lembra que esta infraestrutura, “esquecida polo PPdG durante o mandato de Rajoy, foi empregada como eixo dunha campaña dende setembro de 2022 terxiversando a realidade dos feitos contra a xestión do goberno central.”

O parque de Rosalía de Castro ampliará e cambiará a iluminación

O Concello mellorará a iluminación do Parque de Rosalía con criterios de aforro enerxético e perspectiva de xénero. A obra, que suporá un investimento de 162.073 euros, será adxudicada a empresa Hallmann Energie S.L. Esta actuación enmárcase no programa Dusi-Muramiña, cofinanciados ao 80% con Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional.

Dentro da estratexia levada a cabo polo Goberno local para mellorar a eficiencia enerxética que permita ademais reducir o gasto do subministro eléctrico, o executivo aposta nesta intervención por luminarias dotadas con tecnoloxía LED, que necesitan menos da metade de potencia que as actuais para producir o mesmo fluxo luminoso.

Dentro da estratexia Smart City, implantarase en cada un dos centros de mando a actuar unha plataforma de xestión intelixente co fin de monitorizar o consumo de enerxía, medindo factores como voltaxe en cada fase, intensidade, frecuencia

eléctrica, potencia ou enerxía activa e reactiva acumulada, detección de conexións ilícitas ou problemas de subministración. Datos que serán enviados á plataforma de xestión municipal para analizar o seu funcionamento e como información relevante na toma de decisións en prol do aforro.

Entre os obxectivos desta intervención está poñer en valor emprazamentos singulares do Parque, considerado unha contorna de protección patrimonial, de xeito que conviden ao uso cidadán do espazo público e revertan directamente nunha maior seguridade dende a perspectiva de xénero, xa que se colocarán tamén novos puntos de reforzo para evitar zonas consideradas escuras. As localizacións actuais respectaranse de forma que, tras a limpeza das columnas e brazos existentes levarase a cabo a súa restauración correspondente, substituíndo a tecnoloxía de iluminación antiga por outra máis moderna e eficiente.



Ameijide esixe actuacións de mellora na escola de piragüismo

Antonio Ameijide esixe á Deputación “máis control, máis mantemento e máis apoio ao piragüismo lucense”. O portavoz popular alerta do estado de “absoluto abandono” das instalacións da escola de piragüismo por parte do goberno que preside José Tomé. É por iso polo que insta ao goberno da Deputación de Lugo a mellorar as instalacións para mantelas en condicións de seguridade.

Ameijide urxe tamén a tramitar de novo o permiso ante a Confederación Hidrográfica para repoñer o

pantalán de acceso ás embarcacións na zona, xa que agora os usuarios só contan cun pantalán flotante de escasas dimensións que resulta moi incómodo, dificultando o día a día das clases de piragüismo e a actividade do Club de Piragüismo Cidade de Lugo.

Ameijide advirte tamén do “nefasto” estado de conservación do propio edificio “impropio dunha instalación pública. O exterior presenta desconchóns na pintura e no interior as humidades afectan aos vestiario.

O Concello inviste 1,5 millóns ao ano nas escolas infantís

Rubén Arroxo, deu conta do esforzo que anualmente realiza o Concello coas Escolas Infantís Municipais, cuxo curso comeza o vindeiro luns 4 de setembro. Arroxo destacou que a concellería de Educación, dirixida por Felipe Rivas, inviste anualmente máis de 1.5 millóns de euros no mantemento das escolas, “un investimento no que a Xunta de Galicia aporta anualmente menos de 200.000€”, explicou Arroxo.

“Desde o Concello de Lugo realizamos un gran esforzo cada ano no mantemento das escolas infantís, un investimento no que a colaboración

da Xunta de Galicia é mínimo”, explicou o Tenente Alcalde, que engadiu “a educación infantil de 0 a 3 anos é unha competencia directa da Xunta de Galicia que no Concello de Lugo deixan descoidada”.

Arroxo afirmou que “manteremos o noso compromiso para garantir a presenza de escolas infantís públicas, un gran esforzo económico e administrativo para dar este servizo ás familias”. O tenente alcalde declarou que “agardamos a que a Xunta inicie o procedemento para facerse cargo das súas competencias e xestionar directamente as escolas”.



O PAC será trasladado ao Centro Integral de Saúde en setembro



A Consellería de Sanidade ten previsto iniciar a mediados do próximo mes de setembro o traslado do Punto de Atención Continuada (PAC) de Lugo ao novo Centro Integral de Saúde (CIS) do barrio da Residencia.

Igualmente, no mes de outubro realizará o cambio o persoal do centro de saúde da Milagrosa que, atendendo á redistribución de usuarios nesa zona da cidade, pasará a prestar servizo na nova dotación. Así o confirmou o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, durante unha visita ao com-

plexo sanitario xunto con Ramón Ares, xerente da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade investiu máis de 13 millóns de euros no CIS, que ademais do PAC comprende un centro de saúde moderno e accesible, un centro de saúde mental e a base do 061. No seu conxunto, serán 8.000 m² de superficie construída e máis de 5.500 m² de superficie útil en 6 andares, permitindo albergar as 46 consultas do centro de saúde e do PAC e as 22 consultas do centro de saúde mental.

Arroxo anuncia a plantación de 500 árbores neste mandato

Rubén Arroxo, explicou que nas vindeiras actuacións na vía pública, o Goberno traballará para “crear zonas de sombra en todos os barrios, garantindo que nas xornadas máis quentes do verán a temperatura nas rúas sexa agradable”. Arroxo explicou que o obxectivo é plantar “máis de 500 árbores na vía pública, mellorando a sensación térmica ao andar pola rúa e convertendo á cidade nun gran pulmón verde”

“A situación climática require de accións importantes a nivel global, mais é preciso tamén traballar a pequena escala desde os concellos e cada persoa de xeito individual para tratar de reducir as consecuencias que xa estamos a ver”, afirmou Rubén Arroxo, que engadiu “estamos afrontando os días máis cálidos do verán, unha xornada na que se moitas veciñas e veciños desfrutan das zonas de sombra que xa se habilitaron nos últimos anos”.

“Rúas como a zona peonil de Camiño Real, Gallego Tato ou Aquilino Iglesia Alvariño son o exemplo de que se poden crear zonas de sombra no tecido urbano, garantindo o benestar das veciñas e veciños”,



explicou Arroxo, que fixo balance das actuacións realizadas no último mandato, con máis de 200 novas árbores plantadas no tecido urbano. As novas rúas con máis masa arbórea son a praza da Mosqueira, con 20 novas árbores, Lamas de Prado con 40 e Aquilino Iglesia Alvariño e Gallego Tato con 30 árbores en cada unha. No resto de zonas renovadas polo Goberno de Lugo tamén se aumentou a cantidade de árbores, plantando 6 no treito final de Camiño Real e no novo treito de mediana de Fontiñas, 8 no cruce das rúas Río Sil e Conde e en Quiroga Ballesteros,

ou dúas na praza do Sagrado Corazón, “onde non se puideron colocar máis debido á situación da propia praza”, explicou Arroxo.

Á hora de renovar as rúas da cidade, a Tenencia de Alcaldía busca sempre garantir un mellor acondicionamento ambiental, habilitando sempre que é posible novas verdes con árbores e arbustos, “avanzando para que Lugo sexa cidade deseñada para o desfrute das persoas”, explicou Arroxo, que engadiu “agardamos que o resto de administracións aposten tamén polo aumento de zonas verdes ao planificar actuacións”.

O PP propón a recuperación da Fábrica da Luz para a produción de enerxía

O PP pide explicacións sobre “o que ten pensado facer o Concello de Lugo coas turbinas da Fábrica da Luz que tiveron un custe de máis de 700.000 euros” e propón “recuperar a concesión para a súa explotación e produción de enerxía eléctrica de forma que se impulse un verdadeiro proxecto sostible”.

Antonio Ameijide explica que “aparte dunha cafetería moi cara, non se sabe que ten pensado facer o goberno municipal coa Fábrica da Luz”. O popular lembra que o Concello “está a perder aínda máis cartos ao ter que pagar o alugueiro dunha nave no Corgo por un valor de 1.694 euros mensuais para o almacenamento das turbinas”; ademais de que “estas máquinas están perdendo valor, chegando a ser case residual porque se trata de elementos fabricados a medida con características técnicas concretas” afirma dende o PP.

Ameijide defende que recuperar a Fábrica da Luz permitiría “reducir a factura eléctrica municipal” ao mesmo tempo que “pon en valor un inmoble municipal aproveitando as turbinas das que xa dispón o Concello e mesmo sería compatible coa proposta de facer unha cafetería”.

A peonalización da Calzada da Ponte está case rematada

Continúan os traballos de transformación que o Executivo local está a executar na Calzada da Ponte. O proceso de peonalización está case rematado, así como a rexeneración dos dous pasos inferiores, que mudan substancialmente a faciana do espazo, e tamén o novo alumbeado público, de alta eficiencia enerxética e deseñado baixo criterios de perspectiva de xénero para toda a contorna. Nesta liña, durante as próximas semanas, seguirase avanzando na mellora das zonas de descanso que completen os parklets urbanos. Estes espazos permiten introducir illas de convivencia nun emprazamento que ata o de agora interpretábase como zona de paso. “Coa culminación desta obra, Lugo deixará de vivir de costas ao Miño, ao tempo que melloramos un dos principais accesos ao río, xa que incrementamos a lonxitude das sendas peonís e ciclistas para acceder á zona fluvial o que sen dubida reforza o vínculo entre a trama urbana e a nosa contorna natural, visitada ademais por numerosos peregrinos e turistas polo seu valor patrimonial”, sinalou Méndez. O proxecto, enmarcado na estra-



textiva DUSI Muramiñae e financiada ao 80% pola Unión Europea, suporá un antes e un despois na interpretación deste espazo público, cuxo peso substancial na vida da cidade mudou progresivamente desde a segunda metade do século XX onde os vehículos a motor e os novos itinerarios foron restando vida e reducindo os usos da vía ao tránsito rodado e o estacionamento. “Apostamos por recuperar este espazo para as persoas favorecendo que a Calzada e a súa contorna recupere actividade social e comercial”, explicou a rexedora.

O ámbito de actuación, de 640 metros de lonxitude, abarca a explanada diante da Ponte Romana, a rúa Calzada da Ponte, o acceso desde o enlace da Volta da Viña coa N-VI e os ramais de San Lázaro e de acceso á N-VI, así como o viario cara o Balneario. “Esta actuación permitirá a medio prazo dinamizar a iniciativa particular e fomentar a rehabilitación de vivendas nunha zona de enorme potencial residencial. De feito, non quixemos deixar pasar a oportunidade de soterrar os servizos e aproveitouse igualmente para reparar mellorar a rede de saneamento”, concluíu.

Unha única empresa presentouse para xestionar a cafetería do Vello Cárcere

O Concello recibiu unha única oferta para concorrer á concesión que regula a xestión da cafetería do Vello Cárcere. Os termos da adxudicación – que terá unha cota mínima de explotación de 100 € mensuais e unha duración inicial de 10 anos, prorrogables por outros cinco – son exactamente os mesmos que os recollidos na anterior convocatoria.

“Isto constata a idoneidade dos últimos pregos presentados, en tanto resultaban acertados e atractivos para favorecer a explotación do establecemento, ao tempo que nos indica que a actividade económica de Lugo se está a recuperar e volve a existir interese empresarial por levar adiante novas iniciativas como así o advertimos cando retomamos o proceso”, afirmou a tenente de alcaldesa Paula Alvarellos.

“Somos conscientes de que a súa posta en marcha esixirá de certo investimento para dotalo de mobiliario e completar o seu equipamento polo que agardamos que este esforzo redunde tamén no conxunto da cidade convertendo a Cafetería do Vello Cárcere nun reclamo turístico que aproveite a súa privilexiada ubicación”, sinalou Alvarellos.

AO NOSO CARÓN

friol

Unhas 135 persoas participaron no primeiro paseo turístico do GDR-4

Friol abriu o pasado 29 de xullo os paseos polas comarcas de Lugo e Terras da Ulloa, un ambicioso proxecto de colaboración entre o GDR-4, Guido Guía e 10 concellos das comarcas de Lugo e A Ulloa: Antas de Ulla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Monterroso, Outeiro de Rei, Palas de Rei, O Páramo e Rábade.

Esta primeira actividade contou con máis de 135 persoas que recorreron a ruta de Friol de tres horas de duración e logo puideron desfrutar dunha degustación de produtos locais e tamén da actuación dunha das agrupacións de música tradicional da zona, Xesta Verde.

Este ciclo de actividades lúdicas



e culturais pretende promover o descubrimento da historia, da natureza e das riquezas de todos os concellos, así como promover e promocionar os valores gastronómicos, sociais e de todo tipo. A

seguinte será o 9 de setembro en Guntín.

As inscricións son gratuítas e pódense facerse a través do correo info@comarcadelugo.gal ou do teléfono 982 238 000.

Abre un novo prazo de inscrición para o servizo de Madrugadores

O Concello de Friol continúa co seu programa de conciliación da vida familiar e laboral dos habitantes do seu pobo, e para iso levará a cabo o próximo curso unha nova edición do servizo de Madrugadores, do que se poderán aproveitar as familias con alumnos e alumnas matriculados no CPI Doutor López Suárez de Friol.

Este servizo estará en funcionamento durante todo o curso 2023-2024, dende as 7.45 ata as 9.45, que é cando xa comeza a xornada escolar.

Levarase a cabo dentro do recinto escolar, e haberá persoal suficiente encargado de atender as necesidades dos usuarios, polo que as familias poden deixas os nenos ou nenas cando o necesiten e xa irían para a clase correspondente cando comece o horario lectivo do centro, ás 9.45.

Con este programa, o Concello de Friol segue apostando por dar servizos de calidade ás familias do municipio, e tamén ás que decidan vir vivir ao pobo e matricular aos seus

fillos e fillas no centro escolar público de Friol.

O Servizo de Madrugadores será subvencionado polo Concello, tendo que pagar cada persoa interesada en facer uso do mesmo a cantidade de 80 € por todo o curso escolar.

Pode realizarse a inscrición nas oficinas do Concello de Friol, ou a través do correo electrónico info@concellodefriol.es. O impreso de solicitude de inscrición pode atoparse na páxina web do Concello.

A Feira do Gando Vacún, convocada de novo para o 23 de setembro



O Concello de Friol celebrará un ano máis a Feira do Gando Vacún de Carne, a XI edición, o día 23 de setembro. As previsións do Concello será contar cunha festa coma a do ano pasado, con feira, mostra e concurso de gando pola mañá, que terán lugar no Mercado Municipal, e a entrega de premios para pechar a edición.

No apartado do concurso, haberá cinco categorías, machos menores de oito meses, femias menores de oito meses, machos de 8 a 14 meses, xatas, vacas e touros. Os premios que se repartirán por categoría serán tres, o primeiro de 150 euros, o segundo de 100 e o terceiro de 50 euros. Haberá tamén un premio especial ao mellor lote de 200 euros.

Ademais destes case 2.000 euros que se reparten nas diferentes categorías, as ganderías asistentes recibirán unha prima pola asistencia

dos seus exemplares, os cales permitirán que se poida observar unha gran diversidade de reses, mostras e calidades de gando vacún.

A organización, así como os custos deste evento, son sufragados con fondos propios do Concello, pois como comenta José A. Santos, Alcalde de Friol: "o gando é unha parte fundamental e moi importante do noso Concello, polo que unha feira adicada ao gando vacún de carne, neste caso, parécenos unha boa maneira de seguir apoiando e impulsando o sector gandeiro en particular e ou rural en xeral, imprescindibles en Friol".

Espérase que asista un gran número de visitantes tanto do propio Concello como doutros, debido a que é unha feira que está a ser un referente neste sector e porque Friol é un lugar que merece a pena ser visitado por todo o que ten para visitar, ver, comer e gozar.

EN BREVE

ROIMIL. A comisión de festas de Roimil, organiza o sábado 23 de setembro unha cea baile no local social do Campo da Feira. A actividade terá un prezo de 20 euros onde se incluíra unha cea e actuación musical. Para asistir é preciso anotarse e pode facerse nos teléfonos 619 888 695, 626 821 229, 610 576 459, 678 818 997, 666 170 834 e 666 309 547.

EXCURSIÓN. O Concello convoca unha excursión para o 14 de setembro. A viaxe comeza diante da casa do Concello ás 8.00 e farán unha parada en Frades para almorzar. Dende alí viaxarán ao Barbanza para pasar a mañá, ata a hora de xantar nun restaurante da zona. A continuación do xantar visitarán o pobo de Padrón.

PROYECTOS CONSTRUCTIVOS RÍO MIÑO S.L.
Estrada Coruña 132 -27003 Lugo www.occhipelle.com
tlfno: 982 21 52 20 - 609 80 26 48

reforma - construcción - diseño

mybike Lugo

OFERTA EN BICICLETAS Y ACCESORIOS DE FIN DE TEMPORADA

CONSULTANOS SIN COMPROMISO

Rúa María Barbeito 2, Polígono Industrial As Gándaras
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138
www.my-bike.es

castro de rei



Chegan a Ponte de Outeiro as festas na honra á Virxe da Portería

Ponte de Outeiro, no concello de Castro de Rei, celebrará a fin de semana do 9 e 10 de setembro a festa na honra á Virxe da Portería. As celebracións darán comezo o sábado ás 13.30 horas con misa solemne e procesión. A orquestra Galaxia será a encargada de amenizar a sesión vermú e a verbena, xunto co grupo New York. Así mesmo, o domingo repetirase a misa ás 13.30 horas e o apartado musical estará dirixido pola orquestra Stereo en dobre sesión, vermú e verbena.

O Concello licita as bases para a mellora de varias vías municipais

O Concello de Castro de Rei licita o contrato de obras de mantemento e mellora de vías municipais de acceso ás localidades de Vacariza, Barxa e Carballosa, que vai consistir na limpeza de cunetas, rexeneración e/ou pavimentación de varias vías municipais. Os viais sobre os que se pretende actuar localízanse nas parroquias de Loentia, Santa Locaia e Mos.

O prazo de execución do proxecto vai ser de 2 meses e vai contar cun orzamento de 104.392,75 euros a cargo do Plan de Mellora de Camiños Municipais do Agader. O inicio do prazo de execución do contrato comezará coa acta de comprobación do replanteo.

Realizarase a limpeza e reapertura das cunetas, con motoniveladora ou retroexcavadora, para facilitar a circulación das augas de escorrentía e evitar a súa acumulación, así como a limpeza da superficie de pavimento existente con varredora e cepillo.

Colocaranse pasos salvacunetas e obras de drenaxe transversal das vías nos puntos indicados en planos

e orzamento da obra e previamente á execución da capa de aglomerado en toda a superficie da vía e debido ao estado actual da mesma prevese unha regularización con aglomerado en quente tipo D-12 cun espesor aproximado de 1 cm, nas partes máis deterioradas. Determinábase unha superficie con necesidade de regularización previa do 10% total da superficie de actuación.

CORTACÉSPEDA, Tamén licitou o contrato para a adquisición dun vehículo cortacésped destinado á protección do medio ambiente e do espazo natural e outras tarefas enmarcadas no exercicio das competencias propias do concello.

A forma de adxudicación do contrato será o procedemento aberto simplificado no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

Este proxecto conta cun orzamento total de 36.300 euros.

Comeza a instalación de 51 paradas de bus en estradas da metade norte da provincia

A Xunta vén de comezar as obras de mellora da accesibilidade e conectividade de 51 paradas de autobús situadas nas estradas autonómicas ao paso das rutas de acceso polo norte á cidade de Lugo.

As actuacións, que suporán un investimento de 2,2 M€ inclúen a mellora deste conxunto de 51 paradas de autobús situadas en 15 estradas autonómicas ao paso por 10 concellos da provincia.

A través deste contrato, a Xunta procede ao acondicionamento de 30 paradas en Lugo; 5 en Xove; 4 en Castro de Rei; 2 en Riotorto; 2 en Outeiro de Rei; 2 no Vicedo; 2 en Cospeito; 2 en Begonte; 1 en Abadín; e 1 en Meira.

As intervencións iniciadas dotarán as paradas de autobús de marquesiñas, postes, bancos ou apoio isquiático.

Tamén se inclúen obras para facilitar as manobras dos autobuses e

favorecer a conectividade das paradas a través da execución de beirarrúas ou sendas peonís.

Así mesmo, reforzase a seguridade das paradas, tamén con perspectiva de xénero, coa eliminación de vexetación, a mellora da visibilidade e iluminación na súa contorna, e actuarase mellorando a información e a sinalización.

Estas intervencións enmárcanse no Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús nas estradas autonómicas, co que a Xunta ten previsto investir arredor de 35 M€ para a mellora de 1.100 paradas en toda Galicia.

Os proxectos están financiados ao abeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea-Next Generation EU e enmárcase no Plan de infraestruturas da Xunta para unha mobilidade segura, verde e intelixente.

outeiro de rei

Suso da Bahía e Xurxo Souto recibirán a navalla de Manuel María o día 8

Cada 8 de setembro, a Irmandade Manuel María e a Asociación Xermolos celebran a Memoria da Chaira Enteira, dedicada a espallar a vida e a obra do poeta e a visualizar os velleiros que foi creando con mulleres e homes do noso pobo.

Neste ano será entregada a navalla do Manuel ao que durante moitos anos foi responsable da Librería Bahía de Foz, a Suso Fernández, máis coñecido como Suso da Bahía, que recibirá o premio a título póstumo, tras haber falecido fai pouco máis dun ano.

O premio vai ser recollido pola súa filla, Cielo Fernández, que dedicará unhas palabras na honra do seu pai e á súa amizade con Manuel María. Tamén, este ano recibirá a navalla do Manuel o músico e comunicador Xurxo Souto.

A xornada terá lugar ás 14.30 horas cun xantar no Río Ladra, ás 17.00

horas haberá un recital en Penas de Rodas, seguido dun prego no cemiterio de Outeiro de Rei. Para rematar haberá un rito compartido no Campo de Santa Isabel.



Redecinema de FalaRedes

Presentaron o programa Redecinema, unha proposta de cine en galego ao aire libre coa que a Xunta de Galicia amplía a oferta de ocio para este verán dentro do programa de dinamización lingüística FalaRedes 2023.

Ten o obxectivo de "achegarlle o cine en galego á xente e dunha maneira especial á xente nova, que se move moito máis no ámbito da cultura audiovisual; e tamén é importante que as propostas de ocio en galego estean na rúa, onde se

vexan ben e onde todo o mundo poida gozar delas".

Redecinema é un ciclo de proxeccións de filmes en galego en formato cinema de verán (ao exterior e con gran pantalla) que viaxará por 18 concellos membros da Rede de Dinamización Lingüística durante os meses de estío. O primeiro pase foi no Concello de Negreira e en Outeiro de Rei chegará con *A galiña Turuleca*, que poderá verse na praza da vila o día 22 de setembro, ás 22 horas.

Os socialistas piden explicacións por unha tala de árbores

Os socialistas veñen de pedir explicacións ao Goberno local por "o que consideramos unha agresiva poda realizada polo Concello a pasada semana nos carballos situados no campo da feira, en pleno verán e ás vésperas das festas patronais da localidade".

Segundo informan, veñen de presentar un escrito no rexistro municipal mediante o cal solicitan documentación sobre "esta actuación que pensamos pode levar consigo danos irreparables nestas especies arbóreas de patrimonio público".

No documento presentados solicitan á alcaldes "un informe do técnico fo-



restal que recomendou realizar esta poda porque consideramos que se trata dunha práctica abusiva e desmesurada", sinalou Martínez.

A Casa das Insuas acolle un taller sobre as paisaxes sonoras

A fin de semana do 23 e 24 deste mes celebrábase na Casa das Insuas un obradoiro de gravación de paisaxes sonoras e narración documental impartido por Laura Romero.

A actividade dividirase en varios bloques horarios. Haberá un bloque de mañá, de 11.00 a 14.00 horas; un bloque de tarde, de 16.00 a 20.00 horas e un bloque nocturno, de 22.00 a 23.00 horas, que consistirá nun paseo e nunha serie de grava-

cións nocturnas. Esta última trátase dunha actividade voluntaria.

O domingo só haberá dous bloques horarios. O primeiro de 10.00 a 14.00 horas e o segundo de 16.00 a 19.00 horas.

Para inscribirse é necesario facelo a través da web, onde pode atoparse, a maiores, toda a información necesaria. O custe da inscrición é de 85 euros e so haberá 12 prazas dispoñibles.

guntín

As xornadas vixeiras do GDR Lugo continuarán o 9

O proxecto Descubrindo a Comarca de Lugo e as Terras da Ulloa con Guido Guía xa ten segunda data na súa programación: o sábado 9 de setembro, en Guntín, unha xornada vixeira que seguirá o mesmo esquema que a primeira de Friol: paseo guiado de 11h a 14h, picnic (haberá degustación de produtos locais) e música da comarca.

Este proxecto enmárcase nunha estratexia global do GDR-4, que xunto a Guido Álvarez Parga programan esta iniciativa que procurará poñer en valor as riquezas culturais, históricas, naturais, gastronómicas e artísticas de varios dos concellos das comarcas de Lugo e A Ulloa: Antas de Ulla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Monterroso, Outeiro de Rei, Palas de Rei, O Páramo e Rábade.

As inscricións das actividades son gratuítas, a través do correo info@comarcadelugo.gal ou do teléfono 982 23 80 00.

rábade

Abre o prazo para inscribirse nas Escolas Deportivas

O Goberno local do Concello de Rábade vén de abrir o prazo para anotarse ás escolas deportivas para o curso 2023-2024.

O obxectivo, tal e como destaca a alcaldesa, Remedios González, “é o de impulsar a práctica do deporte e fomentar a socialización e as relacións entre os nenos e nenas e entre os adultos”, polo que anima a participar nesta ampla oferta de actividades.

Para os nenos e nenas, de 4 a 16 anos, ofértanse os seguintes deportes: ximnasia rítmica, tenis de mesa, patinaxe, xadrez, judo, fútbol-sala, balonmán, rugby, atletismo, voleibol, tenis, baloncesto, loita libre e zumba infantil.

No caso das escolas de adultos, ofértanse as seguintes actividades: zumba, tenis de mesa, atletismo, xadrez, tenis, pilates, patinaxe, ximnasia de rehabilitación, ioga, fútbol sala e defensa persoal.

As actividades deportivas levaranse a cabo sempre que haxa un número mínimo de participantes.

As inscricións pódense facer no Departamento de Cultura e Deporte do Concello de Rábade en horario de 09:00 a 14:00 horas ata o 29 de setembro entregando debidamente cumprimentada a inscrición que pode descargarse na web www.concelloderabade.es. As actividades darán comezo o luns día 2 de outubro.

A Deputación inviste na mellora do cinto comarcal

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou un investimento de preto de 200.000 euros para continuar mellorando a rede de estradas provinciais con dúas actuacións, unha na comarca da Montaña e outra no Cinto Comarcal ao seu paso polo concello de Guntín.

Por outra banda, segundo informou a voceira, a Xunta de Goberno aprobou a declaración de emerxencia dunhas obras valoradas en practicamente 70.000 euros para a res-

titución e o mantemento do firme do Cinto Comarcal ao seu paso polo concello de Guntín, en concreto, no quilómetro 24,200. Esta actuación é necesaria para arranxar a rotura do terraplén que sostén a plataforma da vía como consecuencia de inclemencias meteorolóxicas. A empresa Grupo Bascuas 2008 SL será a encargada de acometer de maneira inmediata os traballos, que teñen un prazo de execución aproximado dun mes.

Licitan a obra do parque infantil e os accesos en varios núcleos rurais



O Concello de Guntín licita o contrato que ten por obxecto a execución das obras de remodelación e mellora do parque infantil en Guntín, dado que os xogos infantís ubicados no núcleo urbano de Guntín están envellecidos, chegando a resultar perigosos para os usuarios. Coas obras propostas apoiárase ás familias ao dispoñer estas de lugares de lecer aos que os nenos e nenas poderían acudir con total seguridades, aumentado deste xeito a oferta de ocio.

O proxecto ten un orzamento total que ascende á cantidade de 77.946,45 euros e un prazo de execución de 30 días.

A intervención consiste no desmonte e retirada dos xogos existentes a entulleira autorizada, así como a colocación de novos xogos: unha cúpula modelo, unha cama elástica modelo e un randeira modelo. Trátase de modelos actualizados, dando lugar a que a infancia experimente o xogo independentemente da súa habilidade. A colocación dos novos xogos infantís irá ligado á execución dun pavimento que abrañe as posibles caídas.

Na financiación das obras participa a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2022, pola que se establecen

as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a Concellos de Galicia para o ano 2023, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida.

MEDIO RURAL. O Concello licitou tamén o contrato que ten por obxecto o acondicionamento e a mellora dos accesos a Vigo de Mosteiro e de Corbacín a Castro, dado o mal estado no que se atopan as vías obxecto da actuación e que provocan a inseguridade viaria nos mesmos.

O orzamento total do proxecto ascende a un total de de 117.855,82 euros e o prazo de execución será de tres meses

Dadas as características do contrato e que o Concello non conta cos medios suficientes nin técnicos nin humanos para a correcta execución das obras, estas están financiadas pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia ao abeiro do Plan de Mellora de camiños rurais 2023- 2024 e, ademais, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural no marco do Plan Estratégico da PAC 2023-2027 en Galicia.

portomarín

Abre a inscrición do programa de conciliación

O Concello de Portomarín, como todos os anos, pon a disposición das familias distintos servizos dirixidos á poboación infantil e xuvenil, de entre 3 e 16 anos de idade que estean matriculados no CEIP Virxe da Luz ou, no seu defecto, empadroados en Portomarín. Estas actividades, baixo o título Portomarín Concilia, fanse co obxectivo de promover e facilitar a conciliación da vida laboral, persoal e familiar da veciñanza do municipio. Este programa comprende os servizos de Actividades Extraescolares, Escolas Deportivas, Tardes Lúdicas e

Madruga. Hai un número de prazas ofertadas que varían en función do tipo de servizo, as cales, deben estas cubertas a metade para que se leven a cabo ou, polo menos, un terzo do grupo.

Para poder acceder ás solicitudes hai que acudir á web municipal. Estas deberán ser cursadas pola persoa responsable do menor e deberán marcarse os días elixidos para cada servizo. O prazo para inscribirse estará aberto ata o 5 de setembro. Tanto o prezo como os horarios varían en función do tipo de servizo.

A Mancomunidade do Camiño presentou un novo folleto turístico



Presentouse o novo folleto turístico do Camiño Francés, elaborado pola Mancomunidade de Concellos do Camiño Francés ao abeiro dun convenio de colaboración para a promoción turística do territorio e deste itinerario que conta cun orzamento de algo máis dun millón de euros.

Durante o acto, o director de Turismo de Galicia destacou o traballo de promoción, conservación e posta en valor que historicamente leva facendo a Mancomunidade, a máis antiga coa que conta o Camiño de Santiago,

e aproveitou para “dárlllela noraboa pola proactividade coa que están a traballar na captación de fondos europeos para seguir traballando a prol do Camiño Francés.

O folleto que hoxe se presentou incorpora información de cada concello mediante códigos QR impresos que enlazan coa páxina web da mancomunidade, permitindo unha renovación continua da información sobre aloxamentos, lugares de interese e actividades que se están a desenvolver en cada concello.



QUEIXA. Dende o Partido Socialista de Portomarín veñen de denunciar a suciedade e falta de coidado no que se atopan os veciños de Portomarín. “Un ano máis os veciños e veciñas de Portomarín temos que soportar que a piscina e o seu entorno teñan unhas condicións lamentables e asquerosas” denuncian dende e PSOE. Para os socialistas as instalacións atópanse con “suciedade, falta de coidado, antihixiénicas, mugrientas e embarradas”.

EN BREVE

LITERATURA. O vindeiro 22 de setembro organízase un encontro das persoas lectoras co escritor Xosé Luis Vázquez Somoza, para falar da súa obra *O Conserxe*. Terá lugar ás 20.00 horas na biblioteca do Palco que é un punto de atención á lectura do Corgo. A vida nun IES vese alterada por un acontecemento dramático: aparece o cadáver de Iria García, unha alumna de 1º de Bacharelato, colgado no aro dunha canastra.

FESTAS. O Concello do Corgo dá co-mezo as súas festas na honra a Virxe das Angustias o xoves 14 ás 23.30 coa primeira festa da xuventude, que contará coas actuacións de París de Noia e Dj Jairo LQ. O venres 15 será a verbena, que estará amenizada polo grupo Beatriz e o dúo Eclipse. O sábado 16 haberá dobre sesión do grupo Elixir tanto na vermullo como na verbena, esta última ademais, coa presenza da orquestra New York. O domingo rematase coa sesión vermullo de Charanga Louban.

A USC comeza as escavacións arqueolóxicas na Roda de Adai

A USC principia na parroquia de Adai os traballos de escavación do Castrillón, un xacemento descuberto no século pasado e de gran valor patrimonial, que agora pode ser explorado grazas á autorización da veciñanza a través da Comunidade de Montes.

A investigadora Pilar Prieto, membro do Grupo EcoPast e do Centro Interdisciplinar das Paisaxes Atlánticas (CISPAC), dirixe esta intervención arqueolóxica que conta coa colaboración da empresa Tempos Arqueólogos e con financiamento dos grupos de investigación EcoPast e Síncrisis da USC, e que pon o foco na exploración do círculo lítico ou 'roda' existente no lugar. O obxectivo deste primeiro ano de traballos é identificar as fases



de construción, uso e abandono deste recinto duns 53 metros de diámetro que conserva en superficie un parapeto e un foxo e alcanza unha superficie de 2100 m². As primeiras xornadas da intervención permitiron descubrir o muro

do parapeto feito en grandes pezas de granito, algúns fragmentos de cerámica prehistórica e un par de moas fixas ou pedras dormentes de muiño.

É o oitavo xacemento desta modalidade que se escava en Galicia.

O Concello convoca un posto de emprego no Xulgado de Paz

O Concello do Corgo publicou as bases para cubrir unha praza de auxiliar administrativo encadrado na Área de Servizos Xerais nas oficinas municipais e de encargado da secretaría do Xulgado de Paz. O sistema de selección dos aspirantes será de oposición libre e estas persoas dispoñen dun prazo de 15 días naturais para presentar a súa solicitude.

O cometido funcional desta praza e a súa extensión consistirá na realización das funcións propias da subescala, clase e categoría na que se encadra nas oficinas municipais e encargarse, ademais, da secretaría do Xulgado de Paz, pasando a desenvolver, entre outras, o posto de secretario/a do Xulgado de Paz. O candidato que supere a oposición tomará posesión unha vez que quede vacante por xubilación do seu titular.

pol

A Festa ao Emigrante acolleu a centos de persoas na Carballeira

A XXXVIII Festa ao Emigrante de Pol reuniu a miles de persoas na Carballeira de Mosteiro nunha xornada festiva e de confraternidade na que participaron tamén o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, asistiu xunto ao alcalde de Pol, Lino Rodríguez Ónega.

Esta cita rende "unha merecida homenaxe á veciñanza que tivo que emigrar e fomenta o arraigo a esta vila deles e dos seus descendentes, así como un orgullo de pertenza", sinalou o representante provincial. Ademais, trátase dunha celebración que impulsa económica e socialmente a localidade, factores que a Deputación busca reforzar. Nesta edición foi a profesora Hortensia Díaz Blanco a encargada de ofrecer o pregón. Tamén estivo na comida o delegado do Goberno, Pedro Blanco, quen puxo en valor a figura de tantos galegos e galegas que tiveron que emigrar en busca de oportunidades pero que sempre regresan á súa terra. Ademais da comida, houbo festa e verbena toda a tarde con atraccións para os nenos pequenos, charanga para animar a festa e, ademais, Pol acolleu a Eliminatoria Copa Federación ás 20.00 horas na que se enfrontaron o R.C. Vilalbés contra o U.D. Somozas da Coruña, que rematou coa



entrega do trofeo Concello de Pol. Os nacionalistas de Pol promoveron tamén un acto de homenaxe na honra aos emigrantes, con motivo das festas ó emigrante. O acto consistiu nunha ofrenda floral na escultura sita na Carballeira.

O escritor Manuel Vázquez leu *As ausencias* do poeta Xesús Bermúdez Tellado. Finalmente interveu Xosé Lois Leirós Gude, voceiro da Coordinadora Nacional Galega de Emigrantes Retornados, para falar das problemáticas actuais dos emigrantes.



MULLERES RURAIS. A Asociación Mulleres Rurais Olvido de Pol celebrou unha comida campestre na área recreativa de Mosteiro. No encontro participaron unhas sesenta persoas entre socios e non socios que desfrutaron dun día de diversión acompañados polo bo tempo.



Abre o procedemento para ocupar o novo viveiro de empresas

O concello vén de publicar as bases para o funcionamento do viveiro de empresas do concello e iniciou o procedemento de selección das empresas usuarias.

O viveiro de empresas do Corgo é un edificio de titularidade municipal que ten por finalidade fomentar a creación de novas empresas de carácter industrial, mediante o ofrecemento temporal de espazos físicos onde se atoparán as condicións e servizos precisos para a súa implantación inicial e consolidación. O viveiro está situado na nave de usos múltiples, no polígono industrial do Corgo. Ten seis locais de arredor de 55 m² con dúas plantas en cada local, cada planta coas súas instalacións correspondentes, ás que as empresas poderán ter acceso para realizar as súas actividades. Preténdese acoller empresas de

nova creación ou cunha antigüidade inferior a seis meses anteriores á solicitude de acollemento e dar asesoramento a través dos servizos de emprego e orientación laboral.

O prazo para as solicitudes de acollemento será de tres meses ata primeiros de novembro. Ademais deberán presentarse unicamente por medios electrónicos na sede electrónica do Concello do Corgo. A selección dos beneficiarios realizarase mediante convocatoria pública conxunta, total ou parcial, dos espazos do viveiro, efectuada polo alcalde, conforme ao establecido nas bases. Aquelas solicitudes de acollemento que non poidan ser aceptadas por falta de espazos dispoñibles, quedarán nunha lista de agarda ordenadas pola puntuación obtida no proceso de baremación das solicitudes.

O Concello abre a inscrición para as escolas municipais

As escolas municipais de Castroverde abren o seu prazo de inscrición ata o 15 de setembro para aqueles alumnos que queiran comezar nos meses de outubro. Estas inscricións realizaranse nas oficinas municipais e será necesario un mínimo de alumnos para poder levar a cabo cada unha das actividades ofertadas. Este ano o Concello de Castroverde oferta as seguintes actividades. Natación está destinada para nenos e nenas entre os 3 e os 16 anos e terá lugar os venres de 16.30 a 17.15 no Centro Deportivo D10. O custo por persoa será de 25€ mes e precisárase un mínimo de 20 alumnos para poder levar a cabo a actividade. Dentro das actividades ofertadas atópase tamén Judo destinado a nenos e nenas entre os 3 e os 16 anos cun horario de 16.15 a 17.15 os martes e de 15.30 a 16.30 os xoves e que se impartirá no ximnasio do CPI de Castroverde. O custo por persoa será de 12€ mes e precisárase un mínimo de 10 alumnos para poder levar a

cabo a actividade. Ximnasia de mantemento é unha actividade destinada a maiores de 16 anos que se impartirá os luns e mércores de 21.00 a 22.00 e os venres de 20.00 a 21.00 no ximnasio do CPI de Castroverde. O custo por persoa será de 18€ mes e precisárase un mínimo de 15 alumnos para poder levar a cabo a actividade. E por último o Concello de Castroverde oferta Baile latino e de salón para maiores de 16 anos os venres de 21.00 a 22.30 no ximnasio do CPI de Castroverde. O custo por persoa será de 30€ mes e precisárase un mínimo de 16 alumnos para poder levar a cabo a actividade.

CONCILIACIÓN. Tamén puxo en marcha dous programas para a conciliación familiar coa laboral. O primeiro é o programa Madruga-dores, que dará comezo o día 8 e terá un horario de 7.00 a 9.35 durante todos os días lectivos. O lugar será o salón de acto do CPI



Plurilingüe de Castroverde e terá carácter gratuito. Os nenos poderán levar almorzo da casa.

Unido a isto o Concello conta tamén co programa Tarde no cole, dirixido a todo o alumnado do CPI Plurilingüe de Castroverde.

Terá un horario os luns e martes de 16.15 a 17.30 e mércores e xoves de 15.25 a 17.30 cun custo de 30 euros ao mes por alumno.

No programa Tarde no Cole os nenos realizarán actividades deportivas, obradoiros, xogos tradicionais así como unha animación á lectura.

As inscricións para ambos programas realizaranse nas oficinas do Concello.

A Caxigueira recibirá unha axuda da Deputación para facer unha obra

A reunión da Xunta de Goberno aprobou o último trámite administrativo para o pago de subvencións por un importe total de 11.000€ a dúas entidades asociativas que resultaron beneficiarias do Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios, da Deputación. A Agrupación Aldea de Abaixo, de Riotorto, recibirá preto de 5.000€ para a reparación e mantemento dun depósito de auga neste núcleo rural e a Asociación de Veciños A Caxigueira de Castroverde percibirá 6.000€ para a adecuación do firme da pista que une Mirandela coa estrada provincial LU-P-0502, que conecta Baralla, por Guimarei, á de Souto de Torres a Sobrado. Co Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios, a Deputación colabora economicamente con entidades asociativas da provincia, como agrupacións veciñais, comunidades de augas e de montes, e asociacións de gandeiros, agricultores ou produtores forestais, para acometer obras en servizos, equipamentos e infraestruturas que inciden no seu día a día, tales como pistas, accesos, locais sociais, traídas de auga, fontes ou espazos públicos comunais.

Montecubeiro acolleu unha homenaxe ás vítimas do fascismo



San Cibrao, en Montecubeiro, acolleu unha homenaxe ás persoas represaliadas polo franquismo, organizada pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

O acto celebrouse a carón do monolito na memoria das persoas asasinadas polo fascismo nesa parroquia de Castroverde, coincidindo co vinte aniversario da instalación do monumento e contou coas intervencións do historiador e escritor Xosé Manuel Sarille, autor do libro *Polos fillos dos fillos* sobre a matanza de Montecubeiro, e familiar de vítimas do franquismo e de Ricardo Gómez Polín, cronista. O vicepresidente da Deputación

de Lugo e deputado de Memoria Histórica Efrén Castro encadrou a homenaxe dentro dos actos que se celebran no país ao redor do Día da Galiza Mártir -17 de agosto, data na que foi asasinado Alexandre Bóveda-, reclamando unha vez máis a institucionalización desta data. Fixo fincapé na necesidade de "situar aos verdugos no lugar histórico que lles corresponde, lonxe do relato da equidistancia que trata de impoñer a ultradereita na actualidade". O acto completouse coa actuación da cantautora folk Paloma Suanzes, quen musicou o poema de Claudio Rodríguez Fer *As tres mapoulas de Montecubeiro*.

A deputada Iria Castro visita a nova necrópole



A deputada de Cultura Iria Castro visitou os restos da necrópole medieval descubertos recentemente en San Miguel de Páramo, en Castroverde durante as obras de consolidación das ruínas da casa reitoral da parroquia.

A responsábel de Cultura estivo no lugar acompañada pola arquitecta municipal e por responsables do obradoiro dual de emprego, no marco do que se estaban realizando os traballos que propiciaron o achado. Foron localizadas e documentadas 27 tumbas antropomorfas.

Segundo expuxeron, dacordo coas directrices marcadas pola Xunta

de Galicia, a quen corresponden ás competencias de patrimonio, nos vindeiros dous meses realizarase unha cobertura provisional do achado para garantir a súa protección mentras se desenvolve un proxecto de conservación e posta en valor.

Iria Castro subliñou que "á espera dos datos que poida achegar a investigación, as primeiras valoracións atribúen a este achado unha gran relevancia, valorándose como unha das maiores necrópoles medievais ao descuberto en Galiza, o que supón unha oportunidade para reforzar a proxección do concello a nivel patrimonial e cultural".

Outeiro celebra as súas festas do Ecce Homo

A segunda fin de semana de setembro, celebraranse as festas na honra o Ecce Homo en Outeiro, no concello de Castroverde.

O sábado 9 haberá ás 13.30 horas unha misa solemne e procesión, seguida dunha sesión vermú amenizada pola orquestra Trebol que será a encargada de amenizar a verbena da tarde, xunto a Mega CDC, disco móbil.

O domingo a xornada relixiosa será á mesma hora e, nesta ocasión, será



Adolfo Valiño, Disco Móvil quen se encargue de amenizar a sesión vermú e o fin de festa, que terá lugar a partir das 19.00 horas.

O Concello prohíbe a pegada de carteis

O Concello de Castroverde emitiu un comunicado no que informa que se está a eliminar estes días todo tipo de cartelería nos edificios da localidade, co obxectivo de mellorar a imaxe das instalacións públicas de Castro-

verde. Ademais, informa de que se prohíbe pegar este tipo de carteis nos distintos edificios da localidade en futuras ocasións, como o centro de saúde, o polideportivo ou as piscinas municipais.

DEPUTACIÓN

Xunto á Asociación de Empresarias impulsa o emprego feminino rural



O presidente da Deputación de Lugo, Jose Tomé Roca, e a presidenta da Asociación de Empresarias da Provincia de Lugo (AELU), Anjhara Gómez Rodríguez, asinaron no Pazo de San Marcos un novo acordo entre ambas entidades para impulsar o emprego feminino no rural da provincia. A institución provincial achega así preto de 40.000€ para a posta en marcha do programa Aulas Abertas, mentres que AELU aporta máis de 2.000€. Esta iniciativa nace co obxectivo de formar e crear networking a través de obradoiros nos que se amosará de maneira gratuita ás participantes as posibilidades de diversificar as súas actividades profesionais. Deste xeito, foméntase o empoderamento persoal, facilítase o coñecemento do mundo empresarial e do emprendemento e ofrécense técnicas para desenvolver as capacidades e potencialidades das par-

ticipantes.

José Tomé destacou a importancia deste acordo, que busca seguir “fortalecendo e diversificando o tecido produtivo da provincia a través do apoio a proxectos empresariais e emprendedores liderados por mulleres, o que favorece a xeración de riqueza e emprego, e, polo tanto, fixar poboación”.

Aulas Abertas conta con tres áreas educativas principais: a transformación de produtos agrogandeiros, o aproveitamento de recursos e a creación dunha imaxe nas redes, que suman 150 horas. Ademais, compléméntase con conversas con emprendedoras. Esta formación estará impartida por un técnico de emprendemento e un técnico en informática.

Aulas Abertas comezará no outono e AELU estima que serán arredor dun cento as mulleres beneficiarias desta iniciativa.

Convocada unha nova edición do Volante Deputación

Os próximos 16 e 17 de setembro celébrase a 12ª edición do Volante Deputación de Lugo, unha actividade que pretende achegar a calquera persoa sen experiencia o mundo da competición automobilística, vivindo desde dentro un rallye como o San Froilán, tal vez o mais carismático de Lugo, combinando deporte e formación, posibilitando ao gañador vivir a experiencia de pilotar participando nun rallye.

Esta iniciativa deportiva, con carácter absolutamente gratuito, que está posta en marcha pola Deputación de Lugo, consiste nunha selección onde os participantes recibirán un

curso de condución para igualar e equilibrar coñecementos entre uns e outros. Celebrarase no circuíto da Pastoriza. O proceso de selección estará supervisado por un xurado composto por pilotos, monitores de PTC Escuela e colaboradores deste proxecto.

O prazo para enviar os formularios de inscrición estará aberto ata o xoves 14 de setembro de 2023 ás 13:00 horas. As prazas están limitadas a 160 participantes, e será por rigoroso orde de recepción das inscricións. O titular do primeiro premio será seleccionado como piloto e participará no Rally San Froilán 2023.

A Deputación asesorou a 1.230 empresas co plan Acelera PEMES

Atendéronse máis de 1.600 consultas dende a súa posta en marcha hai medio ano co despregue de 7 axentes dixitais que percorren as comarcas

A Deputación de Lugo xa prestou asesoramento gratuito a 1.230 empresas da provincia de Lugo en materia de transformación dixital grazas ao programa Acelera PEMES que ten en marcha dende hai medio ano. Así o informou a voceira socialista do Goberno provincial, Pilar García Porto, quen lembrou que esta iniciativa impúlsaa o Goberno do Estado para fortalecer e para facer máis competitivo o tecido empresarial do país a través da transformación dixital.

A día de hoxe, no marco deste proxecto, a Deputación atendeu máis de 1.600 consultas. “É un volume de actividade moi bo en apenas medio ano, o que evidencia que este programa está sendo de gran interese para as pequenas e medianas empresas que traballan no noso territorio”, subliñou García Porto.

A iniciativa, explicou a Deputada, serve para que as pequenas e medianas empresas da provincia e os autónomos aproveiten os recursos que ofrece a dixitalización e as novas tecnoloxías para modernizar e mellorar o seu negocio. Desta maneira, “gañan en competitividade, en produtividade e en eficiencia, e tamén é moi útil para que abran novas oportunidades de negocio”.

“As experiencias que estamos tendo son moi positivas, sobre todo naqueles concellos de menos de 5.000 habitantes, onde estamos focalizando máis os esforzos, ao ser onde



detectamos que é máis necesario”, explicou, ao tempo que avanzou que o seguinte paso que dará a Deputación será, a partir de mediados de setembro, poñer a funcionar un servizo móbil que percorrerá todos os concellos para facer presentacións e chegar a máis empresas. “Faremos reunións para explicar polo miúdo o programa e chegar ao maior número de persoas posible. Iremos informando puntualmente para que a xente saiba en que localidade imos estar cada día”, indicou.

García Porto destacou que con este proxecto “fortalecemos o apoio ao tecido produtivo da nosa provincia como unha das liñas de actuación prioritarias que temos no Goberno provincial, pois, xunto coa dotación de servizos públicos de calidade, é un factor esencial para fixar poboación no noso rural”.

AXENTES DIXITAIS. A Deputación

conta con 7 axentes dixitais que se moven polas diferentes comarcas para establecer contacto con empresas, ofrecerlles axuda de maneira gratuita e indicarlles como poden solicitar o Kit Dixital. Ademais, instaláronse oficinas para prestar asesoramento e acompañamento gratuito nos concellos de Viveiro, Lugo, A Fonsagrada, Láncara, Monforte e Vilalba.

Neses encontros coas empresas estudan a situación da que parte cada unha delas e buscan ferramentas que encaixen coa súa actividade para beneficiar o seu volume de negocio. Por exemplo, axúdanlles a crear redes sociais e impulsalas para que teñan máis seguidores, tamén á posta en marcha de WhatsApp Business para que interactúen coa súa clientela ou implantan solucións dixitais específicas do seu sector que son moi útiles para os negocios.

Esixe á Xunta a fin dos recortes de persoal na educación pública

A Deputación de Lugo esixe á Xunta de Galicia que poña fin aos recortes de persoal na educación pública, que dende que governa o PP na comunidade autónoma supuxeron a redución de 841 profesoras e profesores, segundo un informe da propia Consellería. Así se acordou tras unha proposta do Goberno que saíu adiante cos votos a favor do PSDeG e do BNG e os votos en contra do PP. A voceira socialista, Pilar García Porto, fixo referencia ao anuario *Datos e Cifras da Ensinanza non Universitaria* elaborado pola propia Xunta para

debuxar a situación que está a vivir a educación pública en Galicia en xeral, e na provincia en particular, porque “as dúas velocidades cara onde camiña a Xunta de Galicia no rural e no urbano fan que o asentamento de poboación nas zonas rurais aínda sexa cada vez máis complicado”.

“A política de abandono do rural galego por parte da Xunta fai que as familias teñan cada vez menos opcións para comezar o seu proxecto vital lonxe das cidades”, denunciou García Porto, quen sinalou que, segundo os datos dese mesmo infor-

me, dos 1.246 centros escolares que había no ano 2008 quedan 1.082, un 13% menos.

A deputada contrapuxo esta política de recortes coa que tiña en marcha o bipartito de PSDeG e BNG con medidas como a gratuidade dos libros de texto para a educación primaria, unha medida que eliminou Alberto Núñez Feijóo “nada máis entrar no Goberno da Xunta”.

Puxo como exemplo dos “continuos recortes da Xunta do PP en educación” o que sucede nos colexios públicos de Abadín e do Incio.

COLABORACIÓN

Eles futbolistas, elas profesoras

O PUPITRE



Julio Díaz

Levaba varios días pensando que tema podería levar ao meu pupitre, neste mes de agosto, para non cargar aos lectores con ningún tema técnico nin profesional, pensaba en algo que fose máis relaxado, máis distendido, acorde ao período vacacional no que nos atopamos. Despois de moitas voltas e a poucas horas da emocionante vitoria do Mundial de fútbol feminino, no que as nosas rapazas fixeron historia, veu a miña memoria unhas estatísticas que manexara hai uns días e que plasmaban o que querían ser de maiores os máis mozos en Galicia, onde elas se decantaban por

oficios relacionados cos coidados, mentres eles buscaban ser futbolistas ou policía.

Un ano máis, que os nenos e nenas galegas soñan con ser profesores, futbolistas, veterinarios ou policía non é ningunha novidade, estas son e foron as profesións máis votadas por todos eles nas 17 edicións, a primeira aló polo ano 2004, na enquisa realizada por Adecco e na que se pregunta, entre outras moitas cuestións, *Qué queres ser de maior?*, a cal tras o parón dos dous últimos anos por motivos da pandemia que acabamos de sufrir, volve para achegarnos o punto de vista dos máis novos da casa en temas relacionados co mundo da empresa e do traballo. A fenda de xénero entre homes e mulleres ponse de manifesto durante os primeiros anos de vida dos nosos rapaces, así é como se presenta na xa citada enquisa de Adecco, na que un 36,1% dos nenos galegos queren ser futbolistas, un 12,4% policía e un 9,2% profesores. No 26,3% dos casos elas se decantan pola profesión docente, veterinarias o 13% e doutoras un 8,5%. Podería asegurar, sen risco de equivocarme, que despois desta ilusionante vitoria das nosas xogadoras da selección española de fútbol, a enquisa reflectiría un resultado completamente distinto no caso das nosas rapazas e a profesión de futbolista pasaría a ser unha das primeiras opcións que elixirían, de feito o que comezou sendo unha novidade na enquisa do ano 2019, que se agudiza no ano 2023, e é que moitas rapazas elixen xa ser futbolistas entre as súas primeiras op-

cións quizás sexa un reflexo do protagonismo que os equipos de fútbol feminino están a ter ultimamente e da visibilidade que lles están a dar nos últimos tempos os medios de comunicación e as redes sociais. Quería completar esta reflexión con profesións da enquisa de Adecco que chamaron a miña atención e que aparte destas profesións elixidas, o estudo manifesta que outras



anecdóticas embelesan aos nosos rapaces, como ser Ninja, CEO de marketing, campiona de Jiu-Jitsu, drifter, cosmólogo, copiloto de avións de guerra, explorador de tesouros, profesional do tambor ou presentador do "Hormiguero".

Non quixera rematar sen felicitar novamente ás nosas "fuboleras" con un sentido. AUPA CAMPIOAS

Quería completar esta reflexión con profesións da enquisa de Adecco que chamaron a miña atención e que aparte destas profesións elixidas, o estudo manifesta que outras

anecdóticas embelesan aos nosos rapaces, como ser Ninja, CEO de marketing, campiona de Jiu-Jitsu, drifter, cosmólogo, copiloto de avións de guerra, explorador de tesouros, profesional do tambor ou presentador do "Hormiguero".

Rexurdimento temporal

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Escribimos este artigo a última semana do mes de agosto deste presente ano dous mil vinte e tres, no que semella todo volveu á normalidade de maneira definitiva, ou iso agardamos polo menos ata a vindeira historia que outra vez poña todo patas arriba. Atrás queda aquel marzo do vinte e o que viría a continuación, que parece foi hai moito tempo, pero que todos lembramos perfectamente. O verán estase a desenvolver sen novidades salientables. Houbo que ir votar nunhas eleccións xerais convocadas para unha data atípica, co que iso supuxo, tanto nas semanas previas como nas posteriores —e o que falta aínda por vir e por ver—. E a iso cómpre engadir que tralos comicios municipais de maio, constituíronse as novas corporacións

locais para os próximos catro anos. Ata o de agora, toquemos madeira, o lume, por fortuna, non tivo o triste protagonismo que observamos en certas bisbarras do País o ano anterior. Asistimos a días de abafante calor, pero a auga fixo aparición e da maneira á que estamos afeitos ver chover por estes lares.

Xa no verán anterior puidemos comprobar como volveran ao rego as cotidianidades de sempre. Así, as viaxes e as vacacións de novo foron noticia, pero xa sen restricións. Vimos como o persoal enchía restaurantes, praias, Como se o mundo acabase, había que aproveitar o momento, polo que puidese vir a posteriori. Aquí, no noso radio de acción, vimos como se revitalizaban verbenas, festivais e demais eventos. Calquera escusa era boa para divertirse e tratar de pasalo o mellor posible, quedando atrás o auténtico pesadelo que foi o maldito Covid 19. En resume, como calquera verán pretérito, anterior á pandemia.

Nada extraordinario, podemos dicir. E o destes dous últimos meses, pois aí están as imaxes que proxectan os medios de comunicación. Os diferentes camiños de Santiago, petados de peregríns. Aeroportos, estacións de trens e buses, ategados de xente que vai e ven. As terrazas dos bares, os restaurantes, zonas de baño, etc. son unha proba de que aquilo que nos condicionou a existencia xa forma parte do pasado.

E todo iso poderíamolo facer extensivo nas nosas aldeas, parroquias e vilas. Se no resto do ano comprobamos o significado da Galicia baleira, chegou a época estival e aqueles lugares onde cada vez quedan menos veciños e cada vez de maior idade semellan rexurdir dese letargo. As airas, os camiños e ata as corredoiras acollen uns visitantes que dan pulo a zonas que durante meses están orfas dunha vida humana que tanta presenza tiña en tempos pasados. Volver aqueles que marcharan lonxe, xa entrados en anos, pero tamén

O RECUNCHO DE CANELINA



os seus fillos, os da xeración baby boom, quen xa son pais e nais, polo que tamén veñen coas súas crianzas e os achegados delas. Todos dan fe de sitios de gran fermosura e valor

sentimental, os que nuns días volverán encherse de silencio e soidade, agardando outro verán por aqueles que, aínda de forma temporal, fan lembrar o que aquí había.

DEPORTES

Claudio Mendes é o novo director deportivo do CD Dez Portas

O CD Dez Portas presentou a José Claudio Mendes da Encarnação como o seu novo director deportivo para a tempada 2023/2024. Conta cunha ampla carreira internacional e unha formación durante 11 anos que, segundo afirma o club, “fan que comeceamos unha nova tempada chea de ilusión e esperanza”.

Mendes iniciou a súa andaina como adestrador axudante en 2002 no Grupo Deportivo do Estreito, pasando a ser técnico titular dese mesmo club dous anos despois.

Posteriormente recalaría no Spórting Club de Madeira, para converterse en adestrador principal do proxecto olímpico de Londres 2012, logrando a clasificación para os xogos olímpicos do primeiro deportista de nacionalidade portuguesa da historia. Desde 2016 ata a actualidade, pasaría a ser o responsable de toda a área deportiva do Club Sport Marítimo.

TORNEO. O Club Deportivo Dez Portas organiza a XII edición do



Torneo de San Froilán de tenis de mesa que terá lugar o próximo sábado 9 de setembro.

Espérase unha participación similar a do ano pasado, que foi de 95 deportistas de toda Galicia e Portugal. A Casa do Deporte na Avenida Infanta Elena serán as instalacións que acollan esta competición deportiva que dará comezo ás 9.30 horas e se disputará o longo de todo o día.

O torneo acolle categorías dende prebenxamín ata veteranos sendo unha cita deportiva para todas as idades e será válido e puntuable para o circuíto galego.

Seis clubs do deporte con discapacidade reciben axudas

O Diario Oficial de Galicia vén de publicar a relación definitiva das solicitudes beneficiarias coas subvencións a clubs deportivos galegos con licenzas de deportistas con discapacidade, para a adquisición de equipamentos deportivos para deporte adaptado. Estas subvencións inclúense no Plan de Promoción da Igualdade no Deporte no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia- Financiado pola Unión Europea – NexGenerationEU. En total, foron 46 os clubs beneficiarios destas axudas que contaron cun crédito orzamentario de preto de 227.000 euros (226.754 euros).

Máis polo miúdo, na provincia de Lugo foron seis as entidades beneficiarias: Societario de Cazadores Terra Cha (Cospeito) con 3.552 euros para diverso equipamento de tiro adaptado a persoas con discapacidade; Club de Tenis As Termas (Lugo) con 5.000 euros para cadeiras de rodas adaptadas; Club Fluvial de Lugo (Lugo) con 5.049 euros para embarcacións adaptadas; Club Piragüismo

Ciudad de Lugo (Lugo) con 4.860 euros para embarcacións adaptadas; Club de piragüismo Altruán de Ribadeo (Ribadeo) con 2.228 euros para embarcación adaptada; e Club Hípico La Cruz (Taboada) con 5.102 euros para diverso equipamento hípico adaptado a persoas con discapacidade.

Todos os beneficiarios son clubs deportivos galegos que na tempada 2022/2023 ou 2023 contaron con licenzas de deportistas con discapacidade. A Xunta de Galicia cubre o 80% do gasto subvencionable e o importe máximo da axuda é de 5.000 euros. A practica deportiva caracterízase pola necesidade de contar cunha serie de equipamentos deportivos que faciliten e melloren as condicións nas que os deportistas desenvolven a súa modalidade ou especialidade. Neste sentido, faise preciso arbitrar un sistema de axudas públicas dedicadas á adquisición de equipamentos, a fin de contribuír na modernización e actualización do material deportivo necesario.

39 equipos participan na Copa Deputación de Fútbol

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo patrocina a IV Copa Deputación de Fútbol Sala, na que participan 39 equipos de 3ª División Nacional Masculina, Preferente Masculina, 1ª e 2ª Autonómica Masculina, Preferente Feminina e 1ª Autonómica Feminina.

O sorteo dos emparellamentos celebrouse no Pazo de San Marcos, coa presenza de representantes da Federación Galega de Fútbol – Manuel Castro, delegado da Federación Galega de Fútbol en Lugo e Iván Pico, responsable de fútbol sala da Federación Galega de Fútbol en Lugo e dos clubs participantes.

A área de Deportes financia a Copa, cunha achega de 20.000 euros que se distribúe entre os equipos con premios en función dos partidos disputados e das eliminatorias superadas (entre 190 e 345 euros), ademais de premiar aos equipos campións (entre 510 e 745 euros) e subcampións (260



e 390 euros) de cada categoría. Da categoría Preferente e Primeira División Feminina participan os equipos Ribeira Lieders FS, Grupo Forma-T Vilalba FS, UD Pastoricense, Taboada Feminino, Praias de Barreiros, Concello de Begonte, SD Castroverde e Burela FS B. Na 3ª División Nacional Masculina e Preferente Masculina os participantes serán o Ribeira FS, Outeiro de Rei SD, O Korreo Guitiriz FS, Insuas do Miño Rábade FS, Grupo Forma-T Vilalba FS B, Praias de Barreiros CB, Concello de Begonte

FS, Covirán Quiroga FS, Os Meigallos FS, Club Deportivos Casás, PM Friol FS e ADC Lugo Sala Automóviles Losada B.

E na Primeira e Segunda División Masculina participarán o CD Chao, Castroverde FS, Samos FS, PM Friol FS B, Decotropic FS, Ribeira FS B, O Korreo Guitiriz FS B, Outeiro de Rei SD B, Concellos de BegonteFS B, Yocreapptive Sala, Luisitalia, SDCX Atl. San Antonio, Cubelas, Puebla Futsal, Trabada Futsal, SD San Lázaro, Oural FS, Abella FC e FSF Castro.

Convocan rutas BTT en Friol e en Castro de Rei

O club Coyote Pedal Terra Chá en colaboración co Concello de Castro de Rei celebrará a IV Marcha cicloturista BTT do mesmo nome o sábado 16 de setembro con hora de saída ás 9.30 da mañá do Teleclub de Bazar en Castro de Rei.

Trátase dunha marcha cicloturista que discorre polo Concello sen carácter competitivo. A distancia para percorrer serán aproximadamente 40 km cun desnivel acumulado positivo de 1.200 metros aproximadamente. Haberá tamén unha variante máis curta por se alguén necesita facer menos percorrido. Poderán participar todos os deportistas afeccionados ao ciclismo, federados ou non a partir dos 16 anos cumpridos, (con autorización paterna ata os 18) que realizen un adestramento suficiente para unha marcha ciclista de longa duración e participen cun nivel de saúde e condición física óptimo para un esforzo destas características. A cota de inscrición por participar na marcha será de 20 euros e cun incremento de 15 euros en caso de participar na comida. A inscrición inclúe un almorzo no posto de saí-



da, avituallamento, camiseta conmemorativa do evento e duchas ou servizos de lavado de bicis. O peche de inscricións será o xoves 14 de setembro ou ata cheo de prazas.

FRIOL. O vindeiro 15 de outubro terá lugar a III Ruta BTT por Friol, organizada polo club ciclista da zona. Este percorrido constará de tres rutas, a primeira de 40 km e 900 metros de desnivel, outra de 54 km e 1400 metros e a última, máis longa, de 72km e 1900 metros. Terá un prezo de 30 euros cunha diferenza de 10 euros para os federados. A inscrición inclúe o xantar.

Máis de 200 deportistas recibirán os premios da Vicepresidencia da Deputación

A Xunta de Goberno aprobou a resolución provisional dos premios a deportistas individuais da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, cun investimento total de 100.000 euros, o que supón incremento de case un 20 por cento respecto a anualidade pasada.

O incremento da contía tradúcese no número de deportistas que reciben as bolsas, 230, 45 máis que na convocatoria anterior. Trátase de premios entre os 300 e os 2500 euros, que teñen como obxectivo recoñecer os méritos e fomentar a participación de deportistas de modalidades individuais en competicións, sobre todo nas categorías de base.

As contías asígnanse en función dos resultados deportivos acadados en probas e campionatos en cada nivel de competición, desde campionatos provinciais ata europeos e mundiais, ao longo de 2022.

A resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia ao longo da vindeira semana.

“O reto máis difícil foi conseguir a información e aprender a xogar”

Alberto Rodríguez Villamor é o encargado de caia polo do Cidade de Lugo

Como e cando nace a idea de facer un equipo de caia polo?

A idea nace a raíz de que non club había uns barcos que comezamos a reparar para poder xogar a algo e engadir unha modalidade nova, gústanos aprender cousas novas e comeza todo aí. Pouco a pouco, dende o club foise comprando material e déuse-nos moito apoio, tanto económico como de tempo, espazo e recursos. Gracias a todo iso nace o equipo hai aproximadamente uns tres anos.

En que consiste o caia polo?

O caia polo xógase cinco contra cinco nun campo e consiste en meter goles nunha portería elevada. É unha mistura entre unha canastra de baloncesto cunha portería de waterpolo, o pau máis baixo está situado a dous metros da auga. Pódese pasar coa man, coa pala ou incluso co barco pero non se pode tocar ao rival se non está en posesión da pelota, nese caso podes golpearlo no ombreiro para que caia a auga e facerte coa

pelota. No campo permanecen á vez cinco persoas pero cada equipo pode contar con oito integrantes para poder realizar cambios durante o encontro. É un deporte de contacto que consta de dúas partes de dez minutos.

Quen participa actualmente no equipo?

Dentro do noso club só poden participar da competición de Kayak Polo os maiores de idade, ao ser un deporte de contacto tomouse esa decisión a nivel interno. Nos adestramentos si que participa persoas que corresponden con outras categorías sobre todo xuvenís e cadetes.

Como son os seus primeiros contactos con este deporte?

Nós sabiamos que existía esta modalidade pero nunca tiveramos oportunidade de xogar, a partir de reparar estes barcos comezamos a probar varios e fomos pouco a pouco. Eses comezos foron os meus primeiros contactos co deporte.

Cando adestrades?

Temos unha hora fixa de adestramento pero despois dependendo do día tamén temos en conta a dispoñibilidade da xente e o tempo, porque en Lugo en inverno ás veces é complicado. Habitualmente somos entre seis e oito para adestrar e temos un grupo a través do cal nos coordinamos para poder asistir os máximos posibles.

Como é un adestramento?

Depende da xente que estea podemos facer pases, series, varia moito. Facemos control de balón, control de barco, traballamos a velocidade de reacción ou a resistencia. Dependendo da época do ano na que esteamos traballamos diferentes cousas, temos unha planificación e varia dependendo do que esteamos preparando ou do preto que estea a competición. Adestramos ao longo de todo ano pero a competición principalmente desenvólvese entre os meses de febreiro e setembro.



O resto dos meses non hai competición oficial pero si que se realizan partidos amistosos.

Cales foron ou son as maiores dificultades á hora de crear un equipo nun deporte tan minoritario?

O reto máis difícil para nós foi obter a información e aprender a xogar. Fomos aprendendo a raíz de ver a outros equipos xogar e tamén contamos coa axuda de compañeiros que si que formaron parte doutros equipos.

Teñen algunha necesidade como equipo actualmente?

Pois para nós sería ideal adestrar nun campo pero aquí agora mesmo é difícil polos permisos da confederación, esa sería a nosa maior necesidade. Aquí en Lugo tamén nos faría falta algo de sol, para que se animase

máis xente a participar.

Algún momento ou logro que recorde especialmente ou con agarimo?

Todos son momentos bos, e é complicado elixir. Pero para min eu penso que a primeira competición, polo que custou chegar alí, ver que é posible e que a xente lle gusta. Pero ao final en todos os partidos sempre hai anécdotas e momentos e é moi difícil elixir, pero diría que a miña favorita foi esa, ver que o equipo empezou.

Como ve o futuro?

Eu vexo que imos avanzando, que o club sigue investindo nesta modalidade do piragüismo e aínda que avancemos pouco a pouco imos aprendendo. Animamos a todo o mundo que este interesado en participar que estamos sempre abertos.

O CD Lugo iniciou a liga con sabor agridoce e dous novos xogadores

Tras iniciar a tempada con vitoria, o CD Lugo anunciou unha nova incorporación ao primeiro equipo. Trátase de Antonio Cortés Heredia, Antoñín, co que chegaron a un acordo para a incorporación deste último como novo xogador.

Antoñín (16-4-00; Málaga) desempeñase en diferentes posicións de ataque, destacando especialmente como extremo e dianteiro, e chega a Lugo nunha nova etapa dunha traxectoria que, entre outros méritos, levoulle a ser internacional Sub 21 coa Selección Española, e a competir en LaLiga EA Sports.

Esta última incorporación súmase á de Antonio Aranda. Aranda (7-10-00; Huétor Vega) extremo por ambas as bandas, podendo actuar tamén en zonas interiores. Formado na canteira do Selecta CF, tras completar a súa etapa no club nazarí, aterraba no FC Barcelona, defendendo a camiseta do seu filial durante as dúas tempadas precedentes. Velocidade, calidade e precisión no remate ao servizo do equipo, nun xogador de importante despregamento físico, potencial e mocidade.

Como contrapartida, o CD Lugo e o FC Barcelona chegaron a un acordo



para a cesión de Jaume Cuéllar ao conxunto catalán por unha tempada. Trátase dunha cesión con opción de compra, e con compensación económica para o CD Lugo.

INICIO DA LIGA. Tras a vitoria inicial do Lugo ante o Teruel, ao que venceu por 2-1, o conxunto lugués enfrontouse no seu segundo partido ao Deportivo, no primeiro derbi da tempada. O conxunto albivermello foi derrotado por 3-0.

Previamente, o CD Lugo e SD Compostela disputaron no campo Martínez Otero a XXXIV edición do trofeo de fútbol Vila de Foz. Tralo empate dos 90 minutos de partido, o trofeo de Foz decidiuse nos penaltis. Nesta ocasión foi máis eficaz o Lugo, que se impuxo por 3-1.

Lugo acollerá a Copa Galicia Sénior de baloncesto

A cidade de Lugo reunirá á elite do baloncesto galego masculino os días 15 e 17 de setembro, coa disputa da edición número 37 da Copa Galicia Sénior Masculina.

Esta nova cita coa Copa vivírase no Pazo dos Deportes, baixo a organización da APSX Sagrado Corazón, e levará tamén consigo á cidade da muralla un nutrido grupo de actividades paralelas que completarán unha fin de semana de puro baloncesto galego.

O sorteo de calendario da competición realizouse o pasado 31 de xullo na sede central da Federación Galega de Baloncesto deparando unhas semifinais que enfrontarán na xornada do 15 de setembro a Río Breogán e Club Ourense Baloncesto e a Monbus Obradoiro e Leyma Coruña.

A final, cos vencedores de ambos os encontros, queda marcada para o domingo, 17 de setembro. Os horarios para ambas as datas de xogo están por determinar.

O proceso de venda de entradas e o prezo das mesmas farase público por parte da organización en próximos días.

BREOGÁN. O CB Breogán ven de anunciar que o próximo 10 de setembro ás 18.00 xogará un partido de

Nova fichaxe no Breogán



O Río Breogán chegou a un acordo para a incorporación do xogador internacional con Grecia, Dimitrios Agravanis (Atenas, 20 de decembro de 1994). Formado no Marroussi grego, pasou por equipos como Panionios, Olimpiakos, onde estivo 5 tempadas, Promitheas Patras onde estivo 3 e a pasada 22/23 en Napoli Basket (Italia), Peristeri e Panathinaikos.

En 2015 foi elixido en segunda rolda por Atlanta Hawks de NBA. Na

pasada tempada co Panathinaikos, ao que se incorporou avanzada a tempada, promediou 8,2 puntos e 4,1 rebotes. Na última fase de clasificación do combinado nacional grego para o mundial achegou 13,7 puntos e 5,6 rebotes.

Agravanis é un pivote físico con gran mobilidade e capacidade de rebote e defensa. A súa chegada ao Río Breogán achegará experiencia, intensidade e carácter ao xogo interior celeste.

presentación ante o Valencia Basket. Este partido servirá como toma de contacto do equipo que comezará a competición oficial o 24 de set-

embro ante o Baskonia, equipo xa pechado para a próxima tempada, na que se produce unha renovación importante de xogadores.

DE RUTA EN RUTA

Lugo: Ruta do río dos muíños

O percorrido conta cun total de 4 quilómetros, cunha difiultade baixa para realizar en aproximadamente unha hora

A ruta do río dos muíños é un percorrido polo val do río Mera, afluente do Miño. Para dar comezo a esta ruta deberemos desprazarnos ata preto da área recreativa do monte Segade onde atoparemos un aparcamento, o punto de inicio é unha pista asfaltada que une a estrada nacional coa estrada de Orbazai.

Seguimos o indicador de dirección e chegaremos a unha fonte onde deberemos coller a man dereita en dúas ocasións para dirixirnos cara o río augas abaixo para poder ver un dos muíños co seu caneiro. Este caneiro ten unha gran influencia sobre o aspecto do río creando nas súas proximidades un curso lento e unha gran profundidade.

A continuación deberemos volver sobre os nosos pasos e de aquí en diante a ruta será sempre augas arriba. Pouco a pouco o río vaise convertendo nun curso rápido sobre area e pedras de granito que non posúe moito caudal. O seguinte que poderemos observar serán os restos dunha pesqueira onde noutros tempos se podían coller meixóns en abundancia.

O camiño continúa ata chegar a



unha estrada estreita e unha ponte onde hai un lugar denominado porto. Isto é un paso natural no río nun sitio pouco profundo e prolongado artificialmente por un camiño nas dúas ribeiras que permitía cruzar ás persoas, o gando e tamén aos carros cando o caudal o facía posible. O seguinte muíño que atopamos no camiño, na mesma beira, non ten presa no Mera xa que a auga era transportada ata el por un rairo, unha canle artificial que tomaba a auga máis arriba aproveitando o desnivel.

A ruta continúa paralela ao río pero pouco despois do muíño apartámonos lixeiramente del ata chegar a unha ferverza formada por grandes rochas. Neste punto, na outra beira do río, está o muíño de Abelleira que na actualidade é unha vivenda particular. Chegado a este punto podemos realizar un breve percorrido augas arriba, en forma ovalada e de gran dificultade que nos devolverá ao mesmo punto.

Para continuar deberemos dar a volta augas abaixo, nesta ocasión pola beira do río para poder ver unhas es-

culturas feitas en grandes rocas. Non se sabe con certeza a que corresponden estas esculturas, aínda que dúas delas son de tipoloxía románica, a cabeza de Agnus Dei similar ás que están presentes en moitas igrexas medievais e un ser monstruoso que aparece representado boca arriba. Neste punto do percorrido o río conta cunha illa de cen metros de longo e con abundante vexetación. Chegaremos ao mesmo camiño que antes e continuamos por el ata a ponte

onde deberemos coller a man dereita e seguir por un camiño situado a máis altura que nos permitirá ter unha vista diferente da contorna natural. Continuando o camiño volveremos ao río e a pouco máis de cen metros estaremos de novo no camiño de ida, atopándonos moi preto da fonte do Segade e da área recreativa. Esta ruta é denominada a ruta dos muíños pola importancia que estes muíños do río Mera tiveron para a cidade de Lugo a través do abastece-

mento de fariña. A marxe dereita do Mera coincide con monte comunal e son os veciños da parroquia de Orbazai os que coidan de maneira respectuosa a terra e o río. No percorrido desta ruta podemos atopar árbores como o carballo, o freixo, o salgueiro, o bidueiro, ou o castiñeiro así como fentos dos que destaca a súa abundancia no último tramo do camiño. Durante o outono tamén poderemos observar unha gran cantidade de setas.



DATOS



1 hora



4 quilómetros



Dificultade
Baixa

Que la miopía
**NO FRENE
SUS SUEÑOS**

Soluciones para
frenar el avance
de la miopía



Pide tu cita



federópticos
Lukus - Audiocentro

Conde Pallares, 2
27001 - Lugo
T. 982 24 56 17
T. 609 27 52 76



Nº R. S. E27-000138, E27-000394